

ACTA NÚM. 3 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA CATRO DE MARZO DE 2015.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas** do día **catro de marzo de 2015**, reúnese o Pleno da Corporación en segunda convocatoria, por acordo adoptado na Xunta de Voceiros con data 26 de febreiro do corrente ano.

ASISTEN:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.

Dona Rosario Valledor Puente.
Don Álvaro González Álvarez.

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero Del Valle, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2015 (núm. 2/15).**
- 2. Aprobación inicial da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) na Rocha, estrada N-550, PK 67.**
- 3. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM na rúa das Penas, número 9C. Aríns.**
- 4. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM no ámbito do polígono 40. Rocha Vella - rúa do Churruchao.**
- 5. Toma de coñecemento do documento refundido do plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R).**
- 6. Toma de coñecemento do documento refundido do plan parcial do solo urbanizable delimitado número 11 (SUD-11). Muíño de Vidán.**
- 7. Aprobación inicial do Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago.**
- 8. Adhesión do Concello de Santiago á Asociación RED INNPULSO (Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación).**

9. Aprobación inicial da modificación da base 25 de execución do orzamento de 2015.

10. Dar conta de sentenza núm. 390/14 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e lectura do Auto de execución da mesma.

11. Proposta da Alcaldía de execución da Sentenza 390/14 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

12. Proposta do grupo municipal socialista de designación de representantes en Consellos de Administración das empresas municipais, comisións informativas, organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, sociedades mercantís e consellos sectoriais.

13. Dar conta de resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de comezar coa orde do día o Sr. Alcalde-presidente cédeme a palabra para a lectura da declaración consensuada ao respecto da celebración do día 8 de marzo día internacional da muller.

“Declaración institucional dos Grupos Políticos do Concello de Santiago de Compostela con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Con motivo da celebración o 8 de marzo do Día Internacional da Muller, o Concello de Santiago de Compostela adhírese á Declaración da Federación Española de Municipios e Provincias atendendo así o chamamento que fai a FEMP aos Gobernos Locais do Estado para que se sumen á conmemoración desta xornada coa realización de accións concretas dirixidas ao fomento das políticas de igualdade.

No presente ano 2015 cúmprese o vixésimo aniversario da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, que, celebrada en Beijing en 1995, deu lugar á Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing: un programa ambicioso para promover os dereitos da muller a escala mundial.

O proceso de Beijing propiciou unha vontade política e social tendente a fomentar a igualdade en moi diversos ámbitos; entre eles: o acceso á educación e a saúde, a participación das mulleres no mundo laboral e a loita contra a violencia de xénero.

Dende entón, lograronse avances moi substanciais. Agora ben, tal e como constata a organización de Nacións Unidas ONU Mulleres no marco da campaña "Beijing+20", "ningún país logrou a igualdade de xénero en todas as dimensións da vida que prevía a Plataforma". A brecha de xénero persiste como síntoma da desigualdade e a violencia contra as mulleres continúa sendo unha eiva a erradicar.

É evidente que queda un longo camiño por percorrer. En consecuencia, á hora de renovar e relanzar os compromisos de Beijing, os Gobernos Locais están chamados a consolidar as políticas públicas que promovan en todos os ámbitos da vida local modelos de igualdade entre mulleres e homes.

Dende a perspectiva dos Gobernos Locais do noso país, esta responsabilidade cabe asumila nunha dobre dirección. Por un lado, é necesario potenciar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida política, económica e social: as políticas activas de emprego destinadas ás mulleres e as actuacións que fomenten a conciliación e a corresponsabilidade resultan fundamentais nesta tarefa. Por outro lado, é esencial promover a cooperación cos Gobernos Locais dos países en desenvolvemento: compartir coñecementos e experiencias en materia de igualdade contribúe a construír sociedades máis libres e xustas.

En coherencia con este chamamento, o Concello de Santiago de Compostela desexa manifestar a súa firme decisión de reforzar as súas actuacións e colaborar con todas as institucións públicas e axentes sociais na tarefa compartida de promover a igualdade real entre homes e mulleres, nomeadamente no que fai a empregos e salarios, dado que a tradicional desigualdade viuse acentuada desde comezos da crise."

Queda aprobada por unanimidade.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2015 (NÚM. 2/15).

O Sr. Alcalde-presidente, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 30 de enero de 2015**.

Polo **Sr. Reyes Santiás concelleiro voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE**, faise constar que na páxina 53, da transcripción da acta, no parágrafo sexto onde se dí que

non está en contra da proposta pero si no tocante á xestión, en base aos veciños e veciñas, o que tería que dicir é: “no tocante á xestión cos veciños e veciñas”, porque a quen se lle imputaba responsabilidade era á acción do goberno e non aos veciños e veciñas.

E despois na **páxina 67 no parágrafo segundo**, onde dí: “e dubida do seu cumprimento, xa que dista do anunciado nos medios de comunicación polo señor alcalde-presidente” debe dicir “e dubida do seu cumprimento xa que se pon de manifesto que dista do anunciado nos medios de comunicación polo Sr. Alcalde-Presidente”. Polo demais di que non hai problema.

Non presentándose ningunha observación máis, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar a acta núm. 2/15, correspondente **á sesión plenaria ordinaria de 30 de xaneiro de 2015**, que inclúe as correccións anteriormente indicadas.

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) NA ROCHA, ESTRADA N-550, PK 67.

O informe-proposta que emitiron o Director da área técnica de desenvolvemento sostible e a xefa de sección de xestión urbanística o 16 de febreiro de 2015, que achega a conformidade da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible é o que a continuación se transcribe:

“A Modificación proposta ten por obxecto ampliar a delimitación da Ordenanza 18 - solo rústico de protección de infraestruturas- no contorno da estación de servizo emprazada na Rocha, no punto quilométrico 67 da estrada N-550.

O procedemento trae causa dunha iniciativa formulada pola mercantil Gasolinas, Lubrificantes, Repuestos, S.A. (GALURESA), cuxa tramitación foi asumida polo Concello mediante Providencia da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible de data 25 de marzo de 2014.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal -aprobado nos anos 2007 e 2008- cualifica os terreos afectados como solo rústico de protección de augas (ordenanza 19), limitando o ámbito da Ordenanza 18 -protección de infraestruturas- ao solo daquela ocupado polas instalacións da estación de servizo existente.

2. CONTIDO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

A Modificación proposta amplía o ámbito da Ordenanza 18 ata acadar unha franxa de 40 metros, medidos dende a aresta exterior da explanación da estrada N-550, o que supón o cambio de categorización de terreos que se atopan cualificados no plan vixente como solo rústico de protección de augas.

A ampliación da zona de protección de infraestruturas trae causa da necesidade de adecuar as instalacións da área de servizo ás novas circunstancias que supuxo a ampliación da estrada N-550 e a execución do enlace coa autovía Santiago-Noia (AG-56), de xeito que a mellora da seguridade vial no acceso e saída da estación esixe a creación dun vial de servizo, co conseguinte recuamento e reordenación das instalacións.

O ámbito da ampliación límitase aos terreos que foron modificados, recheados e explanados no seu día para a construción do antigo viario de acceso á autoestrada AP-9, na actualidade desafetados deste uso por mor da construción do novo enlace.

A incorporación destes terreos á ordenanza de protección de infraestruturas permite a reordenación das instalacións de servizo da estrada en mellores condicións de seguridade e funcionalidade, sen afectar de forma significativa á canle do regato do Vilar, xa que se respecta unha franxa de protección de cauce de 15 metros no punto máis desfavorable.

Porén, convén advertir que ao atoparse o ámbito da actuación dentro da zona de policía de augas, calquera intervención na mesma esixe a previa autorización do organismo competente para a protección do dominio público hidráulico (Augas de Galicia), debendo xustificarse o cumprimento das condicións sinaladas polo citado organismo autónomo na fase de consultas do documento de inicio.

3. TRAMITACION

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), “a modificación de calquera dos elementos dos plans deberán suxeitarse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

No presente caso, o procedemento aplicable é o regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación do planeamento xeral, coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade por Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de maio de 2014.

- Non é preciso obter o informe da Consellería de Medio Ambiente, con carácter previo á aprobación inicial, por non atoparse incurso a Modificación nalgún dos supostos ao efecto tipificados polo segundo parágrafo do artigo 93.4 da LOUG. En efecto, a Modificación non implica reclasificación do solo -o solo mantén a súa clasificación de rústico, variando só a súa concreta categorización (artigos 10 e 32 da LOUG)-, como tampouco o incremento de intensidade de uso, nin alteración dos sistemas xerais.

Con carácter previo á aprobación inicial, obtivéronse os informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, emitido o pasado 23 de xaneiro, así como o Axencia Galega de Infraestruturas, asinado o 25 de novembro de 2014.

4. PROPOSTA

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) na Rocha, estrada N-550 -PK 67-,, segundo o proxecto presentado con data 18 de xuño de 2014, por don Jorge Duarte, en representación de GALURESA.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase citación persoal aos propietarios dos inmobles afectados, segundo figuren no Catastro.

c) Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do organismo autónomo Augas de Galicia e do director xeral do Patrimonio Cultural.

d) Como condición para a aprobación provisional da Modificación haberá de incorporarse un anexo que recolla as condicións sinaladas por Augas de Galicia durante o período de consultas do documento de inicio, ademais das que, de ser o caso, resulten dos informes sectoriais que se recaben durante o período de información pública.

e) A aprobación inicial da Modificación determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento de licenzas** para todas aquelas actuacións que puideran resultar incompatibles coa nova ordenación proposta. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

O 18 de febreiro de 2015 emitiu un informe o Secretario xeral do pleno, co seguinte contido:

Solicitado informe xurídico a esta Secretaría por Dá. Pilar Rubín Paz, Xefa de Sección de Xestión Urbanística sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal , art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de emitir o seguinte informe

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Solicitud de informe por parte de Dna. Pilar Rubín Paz, Xefa de Sección de Xestión Urbanística sobre o asunto de referencia, ós efectos de someter o expediente a dictame da Comisión Informativa de Urbanismo que terá lugar o vindeiro día 23 de febreiro de 2015.

-Acompaña informe-proposta de data 16 de febreiro de 2015 do seguinte tenor literal, co visto e praxe da Sra concelleira delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible de data:

A Modificación proposta ten por obxecto ampliar a delimitación da Ordenanza 18 – solo rústico de protección de infraestruturas- no contorno da estación de servizo emprazada na Rocha, no punto quilométrico 67 da estrada N-550.

O procedemento trae causa dunha iniciativa formulada pola mercantil *Gasolinas, Lubrificantes, Repuestos, S.A.* (GALURESA), cuxa tramitación foi asumida polo Concello mediante Providencia da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible de data 25 de marzo de 2014.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal - aprobado nos anos 2007 e 2008- cualifica os terreos afectados como solo rústico de protección de augas (ordenanza 19), limitando o ámbito da Ordenanza 18 -protección de infraestruturas- ao solo daquela ocupado polas instalacións da estación de servizo existente.

2. CONTIDO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

A Modificación proposta amplía o ámbito da Ordenanza 18 ata acadar unha franxa de 40 metros, medidos dende a aresta exterior da explanación da estrada N-550, o que supón o cambio de categorización de terreos que se atopan cualificados no plan vixente como solo rústico de protección de augas.

A ampliación da zona de protección de infraestruturas trae causa da necesidade de adecuar as instalacións da área de servizo ás novas circunstancias que supuxo a ampliación da estrada N-550 e a execución do enlace coa autovía Santiago-Noia (AG-56), de xeito que a mellora da seguridade vial no acceso e saída da estación esixe a creación dun vial de servizo, co conseguinte recuamento e reordenación das instalacións.

O ámbito da ampliación límitase aos terreos que foron modificados, recheados e explanados no seu día para a construción do antigo viario de acceso á autoestrada AP-9, na actualidade desafetados deste uso por mor da construción do novo enlace.

A incorporación destes terreos á ordenanza de protección de infraestruturas permite a reordenación das instalacións de servizo da estrada en mellores condicións de seguridade e funcionalidade, sen afectar de forma significativa á canle do regato do Vilar, xa que se respecta unha franxa de protección de cauce de 15 metros no punto máis desfavorable.

Porén, convén advertir que ao atoparse o ámbito da actuación dentro da zona de policía de augas, calquera intervención na mesma esixe a previa autorización do organismo competente para a protección do dominio público hidráulico (Augas de Galicia), debendo xustificarse o cumprimento das condicións sinaladas polo citado organismo autónomo na fase de consultas do documento de inicio.

3. TRAMITACION

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), *“a modificación de calquera dos elementos dos plans deberán suxeitarse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.*

No presente caso, o procedemento aplicable é o regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación do planeamento xeral, coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade por Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de maio de 2014.

- Non é preciso obter o informe da Consellería de Medio Ambiente, con carácter previo á aprobación inicial, por non atoparse incurso a Modificación nalgún dos supostos ao efecto tipificados polo segundo parágrafo do artigo 93.4 da LOUG. En efecto, a Modificación non implica reclasificación do solo -o solo mantén a súa clasificación de rústico, variando só a súa concreta categorización (artigos 10 e 32 da LOUG)-, como tampouco o incremento de intensidade de uso, nin alteración dos sistemas xerais.

Con carácter previo á aprobación inicial, obtivéronse os informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, emitido o pasado 23 de xaneiro, así como o Axencia Galega de Infraestruturas, asinado o 25 de novembro de 2014.

4. PROPOSTA

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) na Rocha, estrada N-550 -PK 67-,, segundo o proxecto presentado con data 18 de xuño de 2014, por don Jorge Duarte, en representación de GALURESA.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase citación persoal aos propietarios dos inmobles afectados, segundo figuren no Catastro.

c) Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do organismo autónomo Augas de Galicia e do director xeral do Patrimonio Cultural.

d) Como condición para a aprobación provisional da Modificación haberá de incorporarse un anexo que recolla as condicións sinaladas por Augas de Galicia durante o período de consultas do documento de inicio, ademais das que, de ser o caso, resulten dos informes sectoriais que se recaben durante o período de información pública.

e) A aprobación inicial da Modificación determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento de licenzas** para todas aquelas actuacións que puideran resultar incompatibles coa nova ordenación proposta. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE:

-Os artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

-A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

-O Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Chan.

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

REMATADOS os traballos de elaboración do expediente de **modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal na Rocha, Estrada N-550, PK 67.**

VISTO canto antecede e o informe emitido para o efecto con data 16 de febreiro de 2015 por Da. Pilar Rubín Paz, xefe de sección de Xestión Urbanística e por D. Ignacio Soto González, Director Técnico da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, informe que este funcionario subscribe en toda a súa integridade, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 123.1.i) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co art.º 85 do mesmo corpo legal.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

IV INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: **Aprobar inicialmente** o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal **na Rocha, Estrada N-550, PK 67.**

SEGUNDO: Abrir un **período de información pública** durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, en dous dos xornais de maior difusión na Provincia. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual de referencia, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO: **Dar audiencia** aos Municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter o documento ás consultas previstas

no documento de referencia.

CUARTO: A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto non artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión do outorgamento das licenzas que puidesen resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante ou prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.

QUINTO: Facultar tanto ao Sr. Alcalde-presidente coma á Xunta de Goberno Local tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

V CONCLUSION:

INFÓRMASE FAVORABLEMENTE para a súa aprobación, se é o caso, polo Pleno da Corporación, logo de ditame preceptivo da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Vivenda, o expediente tendente á "**Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal na Rocha, Estrada N-550, PK 67.**"

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo do cal tanto o Sr. Alcalde, coma o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que consideren oportuno."

Achegado ao expediente figura tamén o informe favorable da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia.

Co fin de iniciar o debate, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Manifesta que no presente plan parcial a modificación proposta ten por obxecto ampliar a delimitación da Ordenanza 18 -solo rústico de protección de infraestruturas- no contorno da estación de servizo emprazada na Rocha, no punto quilométrico 67 da estrada N-550 e fórmulase por iniciativa particular da mercantil Gasolinas, Lubrificantes, Repuestos, S.A.

O actual Plan xeral cualifica os terreos afectados como solo rústico de protección de augas (ordenanza 19), limitando o ámbito da Ordenanza 18 -protección de infraestruturas- ao espazo que no momento da redacción do plan estaba ocupado polas instalacións da estación de servizo existente.

A Modificación proposta amplía o ámbito da Ordenanza 18 ata acadar unha franxa de 40 metros medidos dende a aresta exterior da explanación da estrada N-550.

A ampliación da zona de protección de infraestruturas provén da necesidade de adecuar as instalacións da área de servizo ás novas circunstancias que supuxo a ampliación da estrada N-550 e a execución do enlace coa autovía Santiago-Noia. Para iso foi necesario a creación dun vial de servizo co que se consegue o retranqueo e a reordenación das instalacións na medida en que mellora a seguridade vial no acceso e saída da estación.

O ámbito da ampliación limitase aos terreos que foron modificados, recheados e explanados no seu día para a construción do antigo viario de acceso á autoestrada AP-9, que na actualidade xa están desafetados dese uso a causa da construción do novo vial.

A incorporación destes terreos á ordenanza de protección de infraestruturas permitiu a reordenación das instalacións de servizo na estrada en mellores condicións de seguridade e funcionalidade.

Advirte que ao atoparse o ámbito da actuación dentro da zona de policía de augas, calquera intervención na mesma esixe a previa autorización do organismo competente na protección do dominio público hidráulico (Augas de Galicia).

En canto á tramitación, di que o procedemento aplicable é o regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación do planeamento xeral, coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesariedade con data 14 de maio de 2014.
- Non é preciso obter o informe da Consellería de Medio Ambiente, con carácter previo á aprobación inicial, por non atoparse incurso en ningún dos supostos tipificados na LOUG. Concretamente a modificación non implica reclasificación do solo e tampouco incremento da intensidade de uso, nin alteración dos sistemas xerais.

Con carácter previo á aprobación inicial, obtivéronse os informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, emitido o pasado 23 de xaneiro, e da Axencia Galega de Infraestruturas, emitido o 25 de novembro de 2014.

A modificación proposta aprobouse pola Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, coa abstención dos grupos da oposición.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar inicialmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal na Rocha, estrada N-550 -PK 67-, segundo o proxecto presentado con data 18 de xuño de 2014, por don Jorge Duarte, en representación de GALURESA.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación, de forma simultaneamente, practicarase citación persoal aos propietarios dos inmobles afectados que figuran no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do organismo autónomo Augas de Galicia e do director xeral do Patrimonio Cultural.

Como condición para a aprobación provisional da modificación haberá de incorporarse un anexo que recolla as condicións sinaladas por Augas de Galicia durante o período de consultas do documento de inicio, e de ser o caso, as que resulten dos informes sectoriais que se recaben durante o período de información pública.

A aprobación inicial da modificación determina automaticamente, por aplicación do artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento de licenzas para todas aquelas actuacións que puideran resultar incompatibles coa nova ordenación proposta. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva da mesma.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Indica que nos anos 2007 e 2008 cando se aprobaba o PXOM de Santiago, a zona á que se están a referir cualificada como solo rústico de protección de augas, ampliábase o máximo ata practicamente tocar as edificacións hoxe existentes da gasoleira e dos establecementos comerciais ficando unha franxa moi estreita cualificada como protección de infraestruturas, imposibilitando calquera tipo de ampliación das instalacións xa existentes, incluso deixando nunha situación anómala a unha parte actual da gasoleira. Di que na practica a proposta o que supón é normalizar a situación existente.

A continuación explica que o grupo municipal do BNG no vai votar en contra desta proposta, porque existiron certamente novas circunstancias provocadas pola ampliación da estrada N-550 e a execución do enlace coa autovía Santiago-Noia, que entre outras cousas, obrigou a crear o actual carril de servizo e botar as instalacións cara atrás.

Indica tamén que os terreos que se propoñen incorporar á ordenanza 18 son exclusivamente os terreos que foron modificados, recheados, e explanados no seu día, para construción de antigo viario de acceso á autoestrada AP-9 que na actualidade, como comentou a concelleira, están desafectados deste uso, xa que existe outro enlace. Di que para eles esta modificación tamén é importante, e conta cos informes favorables tanto de demarcación de estradas do Estado en Galicia, como da axencia galega de infraestruturas.

Aproveitando a ocasión quere falar doutro aspecto vinculado a este emprazamento, que para o grupo do BNG, é máis importante é urgente, que son as medidas de seguridade viaria.

Explica que todos os días pasan por esa estrada milleiros de vehículos dirección Milladoiro, dirección Noia pola autovía ou para coller a autoestrada AP-9, e todos os días, vívense situacións de risco por mor da incorporación de vehículos á estrada procedentes dos citados establecementos comerciais, sen que exista o máis mínimo carril de incorporación. Tamén prodúcese deceleracións moi bruscas para a entrada na gasoleira, froito duns accesos claramente insuficientes.

Por todo iso, dende o grupo municipal do BNG solicitan que máis aló da aprobación inicial desta modificación puntual do PXOM neste ámbito da Rocha, se estuden tamén dende o goberno municipal alternativas para mellorar a seguridade viaria nesta zona.

Deseguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Con respecto aos primeiros aspectos que se indicaron, retruca que do que se trata co que plantexa o goberno é de ampliar o solo de protección de infraestruturas a costa de diminuír a zona de protección de augas. A zona da que están a falar cerca do regato que vai dar ao Sar.

Tamen di que é certo que a zona queda moi sobreesaturada con todas as infraestruturas e claramente o obxectivo é facilitar a creación dun vial de servizo, que

xa estaba previsto, e afectar a gasoleira para que non quede fóra de ordenación, e polo tanto permitir, que se adecúe para a cumprir a normativa de estradas e, polo tanto, se consolide.

Dende o grupo municipal do PSdeG-PSOE considera que o ideal sería retirar dese lugar a gasoleira para favorecer un enlace en T entre a nacional 550, e a autovía de Brión. Posibilitar que a gasoleira da Galuresa se consolide, se cumpra a normativa de estradas e se cree o vial de servizo, dí que non é unha proposta irracional.

Remata dicindo que o grupo municipal socialista non vai votar en contra, pero o certo é que esa consolidación impediría modificar o enlace actual, e o grupo municipal do PSdeG-PSOE ten claramente a aspiración de que se poida modificar nun futuro para incorporar ese enlace en T que lles parece máis racional, máis efectivo e máis eficiente. Por ese motivo di que non van votar a favor da proposta do goberno, senón que se van abster.

Rematada a quenda de intervencións, non tendo lugar a segunda, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 grupo popular Votos en contra: 0 Abstencións: 12 (9 do Grupo socialista e 3 BNG)

Rematado o debate, de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente do 23 de febreiro de 2015, e consonte cos informes dos que se fixo mérito, o pleno da corporación, por 13 votos a favor (PP) e 12 abstencións (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG), e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) na Rocha, estrada N-550 -PK 67-, segundo o proxecto presentado con data 18 de xuño de 2014, por don Jorge Duarte, en representación de GALURESA.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase citación persoal aos propietarios dos inmobles afectados, segundo figuren no Catastro.

c) Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do organismo autónomo Augas de Galicia e do director xeral do Patrimonio Cultural.

d) Como condición para a aprobación provisional da modificación haberá de incorporarse un anexo que recolla as condicións sinaladas por Augas de Galicia durante o período de consultas do documento de inicio, ademais das que, de ser o caso, resulten dos informes sectoriais que se recaben durante o período de información pública.

e) A aprobación inicial da Modificación determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento de licenzas para todas aquelas actuacións que puideran resultar incompatibles coa nova ordenación proposta. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

3. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NA RÚA DAS PENAS, NÚMERO 9C. ARÍNS.

O informe-proposta que emitiron o Director da área técnica de desenvolvemento urbano e sostible e a xefa de sección de xestión urbanística o 13 de febreiro de 2015, que achega a conformidade da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, ten o seguinte teor literal:

“A Modificación ten por obxecto completar a ordenación establecida polo vixente Plan xeral de ordenación municipal nos terreos, clasificados como solo urbano consolidado, que dan fronte a un camiño público existente na marxe oeste da rúa das Penas (Aríns), á altura do número 9, e que lindan co ámbito do solo urbanizable non delimitado SUND-21.

O proxecto de Modificación foi presentado polo propietario dunha das parcelas afectadas, D. Álvaro Menéndez de Lurca Ballesteros, quen puxo de manifesto que a súa parcela (referencia catastral 0054704NH4405C0001UM), a pesares de ter a clasificación de urbano consolidado, suxeito á aplicación da ordenanza 5 -vivenda unifamiliar en ringleira- e dar fronte a un camiño público, non tiña sinaladas aliñacións polo Plan xeral vixente.

Analizada a situación polos Servizos Técnicos Municipais, estimouse necesario axustar a ordenación detallada do ámbito a través do procedemento de modificación do plan xeral, para o cal, mediante providencia da concelleira delegada da Área de

Desenvolvemento Urbano e Sostible do 28 de xaneiro de 2014, resolveuse impulsar de oficio a tramitación da proposta de Modificación presentada.

1. Contido e xustificación

A modificación proposta ten por obxecto principal sinalar as aliñacións dos terreos que dan fronte ao camiño existente, toda vez que aqueles teñen a condición de solo urbano consolidado e algúns xa foron edificados conforme a licenzas outorgadas ao abeiro do Plan xeral anterior.

De conformidade co informe técnico asinado o 6 de xuño de 2014 polo arquitecto xefe do Servizo de Planeamento, as aliñacións propostas garanten unha sección de 8 metros no tramo do camiño clasificado como solo urbano, xerando ao final un espazo público de 10 x 10 metros que permite o xiro dos vehículos, e que se obterá por cesión gratuíta previa á edificación da parcela afectada. Cómpre advertir que parte do camiño existente atópase incluído no ámbito do SUND-21, de xeito que compete ao futuro Plan de sectorización definir a aliñación das edificacións que se prevean no seu ámbito de ordenación.

Por outra banda, e en consideración ás características do viario que dá soporte á nova edificación, estimouse máis axeitado substituír a ordenanza 5 do Plan vixente pola ordenanza 6 B -vivenda unifamiliar extensiva-, cuxos parámetros resultan máis esixentes (edificabilidade máxima de 0,25, ocupación máxima do 25%, parcela mínima de 1.200 m² cunha fronte mínima de 20 metros á vía pública)

Coa modificación proposta mellóranse as condicións de accesibilidade ás edificacións existentes e previstas, e garántese a correcta edificación da parcela clasificada como solo urbano consolidado que dá fronte ao camiño público existente.

2. Tramitación

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a Modificación tramítase a través do procedemento regulado polo artigo 85 da dita Lei para a aprobación do planeamento xeral, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade por Decisión, do 27 de febreiro de 2014, do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Obra no expediente o informe favorable do secretario xeral do Pleno Municipal, emitido o 20 de outubro de 2014, con carácter previo á aprobación inicial da Modificación.

Consonte ao procedemento legalmente establecido, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal con data 31 de outubro de 2014 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 236 do día 10 de decembro de 2014 e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia da mesma data. Simultaneamente, outorgouse audiencia aos Municipios limítrofes.

Durante os referidos trámites de información pública e audiencia formuláronse as seguintes alegacións:

1. D. JOSÉ PEREIRA ALDREY, propietario da vivenda sinalada co número 9 A da rúa das Penas e do terreo anexo á mesma, alega que a Modificación proposta deixa en situación de fóra de ordenación parte do peche da súa propiedade, polo que solicita que se declare expresamente a referida situación xurídica, coas responsabilidades que dela se deriven.
2. D^a OLGA JANEIRO BARANDIARÁN, propietaria da parcela catastral 0054708NH4405C0001BM (rúa das Penas, nº 5) solicita que se precise se a aliñación proposta coincide co linde actual da súa propiedade.
3. D JESUS MANUEL ROSENDE LAMAS formula unha alegación de contido análogo á anterior en relación coa parcela catastral 0054709NH4405C0001YM (rúa das Penas, nº 7)
4. D^a OLGA JANEIRO BARANDIARÁN, en representación da Comunidade de Propietarios da Urbanización Devesa-Aríns, solicita que se concrete se a aliñación proposta coincide co linde actual da propiedade da Comunidade (parcela catastral 0054706NH4405C001WM), co obxecto de non afectar ao sendeiro peonil e ao depósito de propano existentes na parcela.

Á vista das alegacións presentadas emitíuse o seguinte informe polo xefe da Sección de Cartografía:

A modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na rúa das Penas, nº 9C en Aríns, aprobado inicialmente con data 31 de outubro de 2014, foi elaborado sobre a base cartográfica municipal realizada a partir dun voo do ano 2008.

A aliñación proposta no documento de modificación con fronte nas traseiras das parcelas catastrais 0054706NH4405C, 0054708NH4405C e 0054709NH4405C é coincidente coa liña de muro da cartografía municipal.

Do informe transcrito resulta acreditado que a aliñación proposta coincide coa liña actual de peche das parcelas catastrais 0054708NH4405C0001BM e 0054709NH4405C0001YM, propiedade, respectivamente, de D^a Olga Janeiro e de D. Jesús M. Rosende Lamas.

Polo que atinxe á parcela da Comunidade de Propietarios (catastral 0054706NH4405C001WM), tamén se comproba que a aliñación proposta coincide co linde actual da parcela catastral.

Respecto da alegación presentada por D. José Pereira Aldrey, propietario da parcela catastral 0054723NH4405C0001OM, a aliñación proposta afecta a unha parte do peche existente, que queda así incurso en situación de fóra de ordenación, cos efectos que para esta situación xurídica se deriven da normativa aplicable (na actualidade, artigo 103 da LOUG e capítulo IX do PXOM). Por outra banda, cómpre clarexar que, segundo dispón o artigo 35.a) do RD lexislativo 2/2008, “las situaciones de fuera de ordenación producidas por los cambios en la ordenación territorial o urbanística no serán indemnizables, sin perjuicio de que pueda serlo la imposibilidad de usar y disfrutar lícitamente de la construcción o edificación (...) durante su vida útil”.

En consecuencia, de conformidade co que dispón o artigo 85.7 da LOUG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na rúa das Penas número 9C - Aríns, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente o 31 de outubro de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Remitir a Modificación provisionalmente aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas, para os efectos de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

A Modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos (artigo 85.10 da LOUG)."

Ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Menciona que esta modificación aprobouse inicialmente no pleno de outubro pasado, unha vez aprobada inicialmente someteuse a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 236 do día 10 de decembro de 2014 e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia da mesma data e simultaneamente, outorgouse audiencia aos municipios limítrofes.

Tamen dí que durante os referidos trámites de información pública e audiencia formuláronse as seguintes alegacións:

D. JOSÉ PEREIRA ALDREY, propietario da vivenda sinalada co número 9 A da rúa das Penas e do terreo anexo á mesma. Alega que a modificación proposta deixa en situación de fóra de ordenación parte do peche da súa propiedade, polo que solicita que se declare expresamente a referida situación xurídica, coas responsabilidades que dela se deriven.

Despois di que hai tres alegacións similares que son de:

D^a OLGA JANEIRO BARANDIARÁN, D JESUS MANUEL ROSENDE e D^a OLGA JANEIRO BARANDIARÁN, que teñen propiedades na rúa das Penas, e solicitan que se precise se a alineación proposta coincide co linde actual da súa propiedade.

Respecto da alegación presentada por Don José Pereira Aldrey, a aliñación proposta afecta en parte ao peche existente, que queda así incurso en situación de fóra de ordenación, cos efectos que para esta situación xurídica se deriven da normativa aplicable.

A modificación foi estudiaada pola Comisión informativa de urbanismo, vivendas, infraestrutra e medio ambiente coa abstención dos grupos da oposición.

A seguir dá lectura á parte dispositiva da proposta.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Empeza decindo que esta é unha modificación puntual do PXOM que o seu grupo non vía clara a primeira vez que se tratou neste pleno, e seguen sen vela clara. Parécelles positivo que se aceptasen tres das catro alegacións presentadas pola veciñanza da zona, no sentido, de precisar que a aliñación proposta coincide co linde actual da súa propiedade. Porén, a aliñación proposta afecta a unha parte do peche existente dunha das vivendas que queda incursa nunha situación de fóra de ordenación, o que tal e como marca a lei, non resulta indemnizable.

Nese sentido di que o grupo municipal do BNG vaise abster neste punto en coherencia coa súa postura do pasado pleno do 31 de outubro do ano pasado.

A seguir, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Indica como xa comentou na aprobación inicial no pleno, que se estiveran diante dun erro cartográfico, e dicir, unhas aliñacións dos terreos que apareceran debuxadas na cartografía do plan xeral que dan fronte ao camiño existente, non se entendería moi ben porque non se corrixía, se publicaba e se concluía. Engade que para isto existen outros instrumentos, que eles entenden máis rápidos e con menor carga burocrática para resolver esa cuestión. Como podería ser un estudo de detalle que permitiría resolver facilmente este proceso.

Ademais solicitaron na anterior sesión plenaria que se cumprira o artigo 70.3 da Lei de Bases de Réxime Local, que forma parte do capítulo IV, título V, “información e participación cidadá” no sentido de facer constar na exposición pública do expediente, a identidade dos propietarios das fincas afectadas durante os cinco anos anteriores ao inicio do mesmo, cousa que non se ten incorporado.

Por outra banda, di que non se incorpora tampouco, unha xustificación do interese público ou interese xeral ao que se refire esta proposta. Remata dicindo que, diante destas consideracións o voto do grupo municipal do PSdeG-PSOE, vai ser desfavorable á proposta do goberno municipal.

Para responder, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Aclara que o artigo 70.3 da Lei de Bases de Réxime Local, neste caso, di que cando a alteración da ordenación urbanística que non se efectúe no marco do exercicio da plena potestade de ordenación, incrementa a edificabilidade, ou a densidade, ou modifique os usos dos solos, é cando debe facerse constar no expediente a identidade de todos os propietarios e titulares.

Sinala que neste caso non é así, pois non consideran que fora necesario incorporalo ao expediente.

Deseguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**. Quere aclarar que non deben estar a ler o mesmo artigo 70.3 da Lei de Bases de Réxime Local, porque o que di o 70.3 da Lei de Bases de réxime local é: “todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e o seus antecedentes, así como consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispón a lexislación de desenvolvemento do artigo 105 parágrafo b da Constitución.

A denegación ou limitación deste dereito en todo o que afecte á seguridade e defensa do Estado, averiguación dos delitos de intimidade das persoas, deberá verificarse mediante resolución motivada”.

Polo tanto, sinala que do que se fala é precisamente de información e participación cidadá, con independencia da lexislación ou normativa que fai referencia ao tema de urbanismo.

Eles plantexaron que se cumprise ese precepto de información e participación cidadá, e entenden que non se fixo, polo que, o seu voto é desfavorable.

Rematada a quenda de intervencións, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 grupo popular Votos en contra: 9 grupo municipal do PSdeG-PSOE Abstencións: 3 BNG
--

Xa que logo, de conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente, correspondente á súa reunión do 23 de febreiro de 2015, e consonte co informe citado con anterioridade, o pleno da corporación, por 13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal

popular, 9 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na rúa das Penas número 9C - Aríns, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente o 31 de outubro de 2014.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Remitir a modificación provisionalmente aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

A modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos (artigo 85.10 da LOUG).

4. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO POLÍGONO 40. ROCHA VELLA - RÚA DO CHURRUCHAO.

O 13 de febreiro de 2015, o Director técnico da área de desenvolvemento urbano e sostible e a xefe de sección de xestión urbanística, emitiron o seguinte informe proposta que achega a conformidade da concelleira delegada de desenvolvemento urbano e sostible:

“O proxecto de referencia formúlase ao abeiro do previsto polo artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) co obxecto de producir unha modificación puntual das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado nº 40 (A Rocha - rúa do Churruchao) e da reserva local de equipamento sociocultural contigua (SC-34).

O ámbito afectado pola Modificación figura integrado polas seguintes parcelas:

1. 4754325NH3445F0001U1 (rexistral 27841)....PROMOCIONES ROX 98 S.L.
2. 4754346NH3445F0001RI (rexistral 33466).....Deputación Provincial da Coruña
3. Finca rexistral 33468.....PROMOCIONES ROX 98 S.L.
(terreo ocupado polo Concello para a ampliación da rúa do Churruchao)

1. Obxecto e xustificación da Modificación

O proxecto de Modificación foi presentado pola mercantil PROMOCIONES ROX 98 S.L. a resultas dun requirimento efectuado polo Concello en maio de 2010 con ocasión da tramitación dun Estudo de detalle promovido pola citada sociedade para a ordenación do polígono 40.

A competencia para a formulación do planeamento xeral e das súas modificacións atópase reservada pola LOUG á administración municipal, quedando excluída da iniciativa particular, sen que polo tanto as propostas ou proxectos que se presenten polos particulares interesados poidan vincular a decisión municipal. Isto non impide que, se a administración o estima oportuno e xustificado por motivos de interese público, poida asumir a iniciativa formulada e impulsar de oficio a tramitación do proxecto presentado polos particulares.

No presente caso, a oportunidade de modificar puntualmente o Plan xeral neste ámbito foi advertida polos servizos técnicos municipais nun informe de data 7 de maio de 2010, coa finalidade de acadar concretos obxectivos de interese xeral, como de seguido se transcribe:

- *Axustar a delimitación e conseguinte cualificación da reserva dotacional (SC-34), a fin de facela coincidir co solo efectivamente ocupado pola dotación pública existente (centro sociocultural da Rocha, e acceso ao mesmo).*
- *Modificar a delimitación do polígono co obxecto de excluír a dotación pública existente, e integrar nel o resto do predio matriz, de titularidade privada, non segregado no seu día nin afecto ao uso dotacional.*
- *Definir criterios de ordenación que aseguren a efectiva integración da nova edificación e urbanización no seu contorno, de conformidade co esixido polo artigo 172 da normativa do Plan xeral.*

No requirimento dirixido á promotora concluíase a conveniencia de que *con carácter previo á aprobación do Estudo de detalle, se inicie o procedemento de Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal cos obxectivos indicados, podendo*

incluirse no mesmo a ordenación detallada do polígono segundo os criterios que ao efecto se sinalen.

2. Planeamento vixente

O Plan xeral vixente delimita o polígono 40, coa condición de solo urbano non consolidado, nas confluencias das rúas do Veado e Churruchao, en terreos situados ao norte e ao leste do centro sociocultural da Rocha, que se incorpora ao sistema local de equipamento sociocultural público da cidade (SC-34).

O artigo 150 da normativa do PXOM contén as *ordenacións singulares* aplicables aos polígonos delimitados polo Plan xeral, *que se incorporarán á ordenación pormenorizada do solo urbano mediante a tramitación dun estudo de detalle, cos obxectivos, parámetros e condicións de ordenación* que para o efecto se establecen nas fichas do citado precepto. De seguido reproducécese o contido da ficha correspondente ao polígono 40:

P.40. A ROCHA

Con esta actuación preténdese a solución do bordo posterior da dotación sociocultural existente, coa posibilidade de xerar un acceso peonil desde a rúa do Veado ao espazo de nova urbanización.

Parámetros:

- Superficie total:	3.728 m ²
- Edificabilidade máxima:	0,50 m ² /m ²
- Usos previstos:	vivenda unifamiliar e usos complementarios
- Aproveitamento tipo:	0,5000
- Uso característico:	vivenda unifamiliar
- Altura máxima:	B+1
- Fondo máximo:	12 m

Dotacións:

- Viario Público:	indicado en planos
- Prazas de aparcadoiro públicas en superficie:	18

Realizarase un Estudo de detalle que reaxuste as aliñacións e rasantes establecidas nos planos de ordenación e produza a ordenación dos volumes edificadas. En relación á

regulación pormenorizada de usos principais e compatibles e nos demais aspectos non contemplados, estarase ao disposto na ordenanza 5 de vivenda unifamiliar en ringleira.

Para os efectos de xestión o ámbito constitúe un polígono de execución en solo urbano non consolidado.

3. Determinacións resultantes da Modificación proposta

a) Regularización do ámbito da delimitación do polígono 40 e da reserva de equipamento sociocultural SC-34

A Modificación proposta ten por obxecto principal adaptar a delimitación da parcela cualificada como equipamento sociocultural (SC-34) á que foi no seu día segregada do predio matriz e transmitida á Deputación Provincial, e que figura afecta ao uso e dominio público da citada administración (centro sociocultural da Rocha).

En consecuencia, proponse cualificar a dita parcela (catastral 475436), na súa extensión total, como equipamento sociocultural, excluíndoa integramente da delimitación do polígono 40, que se regulariza así co obxecto de evitar a afección do dominio público existente. Con esta regularización, a delimitación do polígono 40 faise coincidir exactamente coa totalidade da parcela privada (catastral 4754325), propiedade de PROMOCIONES ROX 98 S.L.

Cómpre advertir que a delimitación do polígono, tanto no vixente Plan xeral como na Modificación proposta, inclúe tamén unha franxa de terreo, de 212 m², que fora ocupada polo Concello de Santiago no ano 1996 para a ampliación da rúa do Churruchao, a resultas da cesión autorizada polo seu propietario orixinal (parcela nº 16 do Proxecto de duplicación de calzada da N-550). Esta porción de solo, se ben se atopa actualmente dedicada a vía pública, formou parte do predio matriz adquirido pola sociedade promotora, segundo consta na documentación que se achega ao expediente (escritura pública de segregación autorizada polo notario da Coruña don Rafael Souto Vázquez no ano 2002, número 265 do seu protocolo), e constitúe hoxe un predio rexistral independente (33.468). Polo tanto, a súa inclusión no ámbito do polígono 40 trae causa da necesidade de regularizar a situación rexistral da dita parcela, e formalizar a súa cesión ao Concello a través da aprobación do futuro proxecto de equidistribución.

b) Rectificación dos erros de medición detectados no PXOM vixente

A medición real do ámbito do polígono delimitado arroxa unha superficie total de 4.004,45 m², o que supón unha diferenza de 276,45 m² respecto da considerada polo vixente PXOM (3.728 m²). Porén, a medición real da superficie delimitada polo Plan vixente tamén arroxa unha superficie de 4.149,76 m², superior por tanto á contabilizada na ficha de características do polígono, co que se aprecia un evidente erro de medición que debe ser corrixido, coas repercusións que isto implica en canto á superficie edificable materializable no ámbito, que é o resultado de aplicar o índice 0,50 á superficie real do polígono.

En consecuencia, a Modificación reflicte o resultado da medición real do polígono delimitado (4.004,45 m²) e a edificabilidade que resulta de aplicar á dita superficie o índice máximo permitido polo vixente Plan xeral (0,50), o que supón unha superficie edificable máxima de 2.002,22 m²c.

Polo exposto, a Modificación proposta non supón un incremento real da superficie edificable permitida polo vixente Plan xeral, toda vez que mantén tanto a superficie real do polígono delimitado como a edificabilidade máxima que resulta de aplicar a esta superficie real o límite de intensidade (0,50) establecido polo PXOM.

Por outra banda, o PXOM vixente tamén incorre nun erro de medición da superficie cualificada como equipamento sociocultural SC-34, cuxa medición real é de 586 m², fronte aos 1.047 indicados no cadro nº 24 da memoria. A Modificación proposta, se ben axusta á delimitación da reserva dotacional á parcela que foi no seu día segregada e transmitida á Deputación Provincial, non diminúe a superficie cualificada, que segue a ser de 586 m².

c) Ordenación detallada do polígono

O proxecto de Modificación presentado contén a ordenación pormenorizada do polígono 40, evitando así a necesidade de tramitar o Estudo de detalle esixido polo artigo 150 da normativa do PXOM. Sen embargo, isto non impide a posibilidade de que a ordenación establecida polo Plan xeral poida ser adaptada mediante a aprobación dun Estudo de detalle dentro dos límites que para esta figura de planeamento sinala o artigo 73 da LOUG.

A ordenación proposta amplía significativamente as dimensións do espazo público resultante, respectando os parámetros de intensidade de uso, altura e fondo máximo de edificación autorizados polo plan vixente.

O documento presentado obtivo o informe favorable do arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento, no que se sinalan determinadas condicións a cumprimentar con carácter previo á aprobación provisional do expediente.

4. Resultado do trámite de información pública e dos informes sectoriais emitidos

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da LOUG, a Modificación tramítase a través do procedemento regulado no artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral, sen suxeición a avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa innecesariedade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 4 de maio de 2012.

No presente caso, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación cualificada tipificados polo segundo parágrafo do precitado artigo 93.4, non resultou preceptivo o informe da Consellería de Medio Ambiente con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial, de maneira que a administración autonómica só intervéñe no acto de aprobación definitiva do expediente.

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o 25 de abril de 2013 e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 15 de maio de 2013, así como nos xornais La Voz de Galicia e El Correo Gallego da mesma data. Simultaneamente, outorgouse **audiencia aos municipios limítrofes**.

Durante os referidos trámites de exposición pública e audiencia non se formularon alegacións.

O proxecto inicialmente aprobado foi sometido a **informe do director xeral do Patrimonio Cultural**, que emitiu resolución desfavorable o 24 de outubro de 2013.

Á vista do precitado informe sectorial, os servizos técnicos municipais propuxeron a reforma da ordenación inicialmente aprobada.

Con data 3 de marzo de 2014 a promotora presentou un documento reformado que resultou favorablemente informado polos técnicos municipais, e remitido a novo informe de Patrimonio Cultural, se ben advertindo da necesidade de emendar determinadas cuestións con carácter previo á aprobación do Pleno Municipal.

Con data 22 de abril de 2014 a promotora presentou un novo documento reformado, co que se pretendeu emendar as cuestións indicadas pola Sección de Planeamento.

Con data 22 de decembro de 2014 o director xeral do Patrimonio Cultural emite informe favorable, condicionado á incorporación de concretas consideracións que se especifican na parte final da resolución, como deseguido se transcribe:

1. Na memoria deberá incluírse o seguinte procedemento arqueolóxico:

- As intervencións que supoñan movemento de terras deberán xuntar, para a autorización previa da Consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural un proxecto de actuación arqueolóxica que permita avaliar a súa incidencia sobre o patrimonio arqueolóxico. O alcance e carácter do devandito proxecto de actuación arqueolóxica deberá ser definido polo Servizo Municipal de Arqueoloxía.

- Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, previa ou simultánea ás obras, poderán modificarse as condicións de implantación, edificación e execución das obras proxectadas.

2. As aperturas nos muros para acceso a aparcadoiros deberán reducirse ao mínimo imprescindible para permitir o paso con seguridade, cun máximo de 4,5 m. Os cantos destas aperturas serán resoltas coa mesma tecnoloxía, materiais e sistemas construtivos que os muros tradicionais e o material resultante do oco será empregado para a construción dos muros de axardinamento do interior da parcela, polo que deberá dispoñerse na memoria do proxecto de urbanización o que resulte preciso para o cumprimento desta cautela.

5. Modificacións propostas para a aprobación provisional

En xaneiro de 2015 requiriuse da promotora a fin de que emendase ou completase a documentación presentada como deseguido se indica:

a) Na memoria

1. No cadro comparativo que se inclúe na páxina 15, haberá de engadirse a comparación das superficies cualificadas como viario e espazo público, de acordo co indicado no punto 1.4.

2. O anexo 4, nomeado Ordenación resultante da Modificación, conterá todas as determinacións de carácter normativo aplicables ao polígono, habendo de completarse como segue:

** Na ficha de características do polígono engadiranse os seguintes parámetros:*

- A altura máxima fíxase en 6,50 metros (B+1), permitíndose o ático recuado nas condicións do artigo 125.6 da normativa do PXOM.*
- No apartado Dotacións, reflectiranse as cesións a efectuar con destino a viario e espazo libre de dominio e uso público.*

** Engadirase un parágrafo do seguinte teor:*

A ordenación pormenorizada do polígono defínese nos planos da presente Modificación puntual, podendo adaptarse mediante Estudo de detalle consonte ao regulado polo artigo 73 da LOUG.

** Reproduciranse os condicionantes sinalados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na súa resolución do 22 de decembro de 2014.*

b) Nos planos

- 1. Engadiranse os correspondentes planos de seccións e alzados da edificación proxectada*
- 2. Incluírase un plano de ordenación resultante da Modificación que substitúa ao do actual PXOM.*

Con data 6 de febreiro de 2015 a promotora presentou un documento reformado que incorpora as emendas sinaladas.

O documento presentado supón a modificación ou reforma da ordenación que foi inicialmente aprobada e sometida a exposición pública. O cambio máis relevante concrétese na creación dun espazo libre público a carón do centro sociocultural, fronte á rúa do Veadro, trasladando as vivendas que antes se emprazan nesta zona á parte sur do polígono.

As modificacións propostas non teñen carácter substancial, tal e como se xustifica no **informe asinado o 8 de xaneiro de 2015 polo secretario xeral do Pleno Municipal**, consonte á doutrina xurisprudencial existente na materia.

6. Proposta de aprobación provisional

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 85.7 da LOUG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral do ordenación municipal no ámbito do polígono 40 (Rocha Vella - rúa do Churruchao), segundo o documento reformado presentado, con data 6 de febreiro de 2015, pola mercantil ROX 98 S.L.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Elevar a Modificación, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.

A Modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase (artigo 85.10 da LOUG)."

Ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Explica que o ámbito afectado figura integrado polas seguintes parcelas:

A parcela rexistral 27841 de PROMOCIONES ROX 98 S.L.

A parcela rexistral 33466 da Deputación Provincial da Coruña.

E a parcela rexistral 33468 de PROMOCIONES ROX, que é o terreo ocupado polo concello para a ampliación da rúa do Churruchao.

O proxecto de modificación foi presentado pola mercantil PROMOCIONES ROX a resultas dun requirimento efectuado polo concello en maio de 2010 con ocasión da tramitación dun Estudo de Detalle promovido pola citada sociedade para a ordenación do polígono 40.

No presente caso, a oportunidade de modificar puntualmente o plan xeral neste ámbito foi advertida polos servizos técnicos municipais nun informe de data 7 de maio de 2010, coa finalidade de acadar concretos obxectivos de interese xeral:

- Axustar a delimitación e cualificación da reserva dotacional, a fin de facela coincidir co solo efectivamente ocupado polo centro sociocultural da Rocha, e acceso ao mesmo.
- Modificar a delimitación do polígono co obxecto de excluír a dotación pública existente, e integrar nel o resto da finca matriz, de titularidade privada.
- Definir os criterios de ordenación que aseguren a integración da nova edificación e urbanización do seu contorno.

O planeamento vixente delimita o polígono 40, coa condición de solo urbano non consolidado.

As determinacións da modificación proposta son as seguintes:

En canto á regularización do ámbito da delimitación do polígono 40 e da reserva de equipamento sociocultural propónse cualificar a parcela catastral 475436, como equipamento sociocultural, excluíndoa integramente da delimitación do polígono 40, que se regulariza así, co obxectivo de evitar a afección do dominio público existente. Con esta regularización, a delimitación do polígono 40 queda exclusivamente, coincidente coa propiedade privada. Mentres que queda fóra deste ámbito a parcela do centro sociocultural.

Rectifícanse unha serie de erros de medicións que aparecen detectados no plan xeral de ordenación municipal e contéplase a ordenación detallada do polígono 40, evitando así, a necesidade de ter que tramitar posteriormente o Estudio de Detalle esixido polo artigo 150 da normativa do plan xeral.

A ordenación proposta amplía significativamente as dimensións do espazo público resultante respectando os parámetros de intensidade de uso, altura e fondo máximo de edificación autorizadas polo plan vixente.

O documento presentado obtivo o informe favorable de planeamento, no que se sinalan determinadas condicións a cumprimentar con carácter previo á aprobación provisional do expediente.

A modificación tramítase a través do artigo 85 da LOUG, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación tipificados polo artigo 93.4, non resulta preceptivo o informe

da Consellería de Medio Ambiente, con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial.

A modificación aprobouse inicialmente no Pleno Municipal o 25 de abril de 2013 e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior tirada. De forma simultánea outorgouse audiencia aos municipios limítrofes. Durante os referidos trámites de exposición pública e audiencia non se formularon alegacións.

O proxecto inicialmente aprobado foi sometido a **informe do director xeral do Patrimonio Cultural**, que emitiu informe desfavorable o 24 de outubro de 2013.

Á vista do citado informe, os servizos técnicos municipais propuxeron a reforma da ordenación inicialmente aprobada.

Con data 3 de marzo de 2014 a promotora presentou un documento reformado que resultou favorablemente informado polos técnicos municipais, e remitiuse a novo informe de Patrimonio Cultural, se ben advertindo da necesidade de emendar algunhas cuestións.

O 22 de abril de 2014 a promotora presentou un novo documento reformado, contemplando estas indicacións do servizo técnico municipal.

Con data 22 de decembro de 2014 o director xeral do Patrimonio Cultural emite informe favorable, condicionado á incorporación de algunhas consideracións, concretamente de dúas consideracións:

Na memoria debe incluírse o procedemento arqueolóxico a ter en conta, e as aperturas dos muros para acceso aos aparcadoiros deben reducirse ao mínimo imprescindible para permitir o paso de vehículos con seguridade, cun máximo de 4,5 m. Os cantos das aperturas deben ser tratados coa mesma tecnoloxía, materiais e sistemas construtivos do muro tradicional.

En xaneiro de 2015 requiriuse á promotora a fin de que emendase ou completase os documentos para que quedaran dunha forma recollidas tanto as condicións postas por planeamento, como por patrimonio, e así foi presentado o último documento.

Finalmente con data 6 de febreiro de 2015 a promotora presentou un documento reformado que incorpora toda as emendas sinaladas.

O documento presentado supón a modificación ou reforma da ordenación que foi inicialmente aprobada e sometida a exposición pública. O cambio máis relevante concrétase na creación dun espazo libre público a carón do centro sociocultural, fronte á rúa do Veado, trasladando as vivendas que antes se emprazan nesta zona á parte sur do polígono.

As modificacións propostas non teñen carácter substancial, tal e como se xustifica no informe do 8 de xaneiro de 2015 do secretario xeral do Pleno, consonte á doutrina xurisprudencial existente na materia.

A seguir dá lectura á parte dispositiva da proposta.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Brevemente, tan só quere explicar a posición de voto do grupo, ao igual que fixeran a primeira vez que se trouxo este punto a consideración do pleno, alá por abril do ano 2013. Di que van votar favorablemente a esta modificación puntual do PXOM no ámbito da rúa Churruchao na Rocha Vella.

Explica que o proxecto inicial era razoable, posto que ademais de conseguir unha aceptable integración das novas vivendas no entorno, incorporaba un novo espazo público para o desfrute da veciñanza, así como dunha mellora na accesibilidade ao centro sociocultural da Rocha.

Pero certamente, tal e como apunta a Dirección Xeral de Patrimonio tamén sería de interese conservar o muro e o portalón contiguos ao centro sociocultural, así como incorporar o espazo existente no seu interior e unilo ao do propio centro sociocultural, polo que lles parece correcta a proposta de reordenación deste ámbito agora proposto.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Reitera que esta proposta que hoxe trae ao pleno é consecuencia dun requirimento que o servizo de planeamento do concello fixo á promotora en cuestión en maio de 2010, coa intención de resolver os problemas de configuración do espazo, como por exemplo, o deseño dunha rúa sen saída que con esta proposta debería quedar solventado, o que tiña que permitir novos espazos públicos que foran desfrutados polos veciños, mellorando o núcleo tradicional da Rocha Vella, que era unha zona que levaba moito tempo baleira.

Polo tanto di que, en base á conformidade e coa proposta dos informes da sección municipal de xestión urbanística do servizo de planeamento e da secretaría do pleno, así como diante do informe favorable do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 22 de decembro de 2014, o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai votar a favor desta proposta.

Rematada a quenda de intervencións, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade PP, PSdeG-PSOE e BNG
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

De conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente correspondente á súa reunión do pasado día 23 de febreiro de 2015, e consonte co informe transcrito ao inicio, o pleno da corporación por unanimidade, e acadando polo tanto o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral do ordenación municipal no ámbito do polígono 40 (Rocha Vella - rúa do Churruchao), segundo o documento reformado presentado, con data 6 de febreiro de 2015, pola mercantil ROX 98 S.L.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Elevar a modificación, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.

A modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos (artigo 85.10 da LOUG).

5. TOMA DE COÑECEMENTO DO DOCUMENTO REFUNDIDO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ROCHA (PE-7R).

O Sr. Alcalde-Presidente indica que neste punto se toma coñecemento do documento refundido do plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha.

O pleno da corporación toma coñecemento da presentación do documento refundido que incorpora os extremos sinalados no acordo plenario de aprobación definitiva do 30 de xaneiro de 2015.

6. TOMA DE COÑECEMENTO DO DOCUMENTO REFUNDIDO DO PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE DELIMITADO NÚMERO 11 (SUD-11). MUÍÑO DE VIDÁN.

O Sr. Alcalde-presidente indica de novo que neste punto sexto se toma de coñecemento do documento refundido do plan parcial do solo urbanizable delimitado número 11 (SUD-11), Muíño de Vidán.

O pleno da corporación toma coñecemento do documento refundido que integra a documentación aprobada definitivamente polo pleno o 28 de novembro de 2014 coas correccións sinaladas no informe técnico emitido polas técnicas de planeamento e xestión urbanística.

7. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Preséntase ao pleno, para a súa aprobación o proxecto de Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela.

Ao respecto a Asesoría xurídica e Secretaría xeral do pleno emitiu o seguinte informe:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría, sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico

Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de

EXPOÑER:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. O Municipio, segundo dispón o **artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de autoorganización.

O instrumento adecuado para regular o funcionamento da **COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** é a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete toda a normativa legal vixente sobre a materia, tanto estatal como autonómica, así como a disposicións regulamentarias do Concello de Santiago de Compostela, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a devanditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

SEGUNDO. A **Lexislación aplicable** ven determinada por:

- Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49, 70.2, 123.1.d e 127.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- A Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.
- O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago de Compostela, segundo o texto refundido final-aprobado polo Pleno do Concello o día 30 de outubro de 2008-que incorpora as determinacións contidas nas Ordes da Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 3 de outubro de 2007 e 1 de setembro de 2008.

TERCEIRO. A **aprobación do presente Regulamento** axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia da Concelleira Delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible iniciárase o expediente e solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia, a elaboración do Regulamento do funcionamento da **COMISIÓN ASESORA DE PATRIMÔNIO HISTÓRICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

B. Elaborado e recibido o proxecto de Regulamento **corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do devandito proxecto**, según o disposto no artigo 127.1.a da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro.

C. Aprobado o proxecto de Regulamento pola Xunta de Goberno, **corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno** (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrírase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

D. Concluído o período de información pública, se se presentaron **reclamacións** e/ou suxestións, **resolveranse estas**, incorporándose ao texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 123.1.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

E. No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

F. O Acordo de **aprobación definitiva** [expresa ou tácita] do Regulamento, co texto íntegro da mesma, debe **publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña**, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

Achegado ao expediente figura tamén o informe do Director da área de desenvolvemento urbano e sostible de data 11 de febreiro de 2015.

Co fin de iniciar o debate, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Explica que o Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica, establece que, para os efectos de garantir a axeitada tutela sobre o patrimonio, o Concello de Santiago de Compostela constituirá unha Comisión de Patrimonio Histórico.

Así foi constituída e así leva funcionando de forma ininterrumpida dende a súa creación dunha forma activa e positiva.

En calquera caso, explica, o certo é que esta comisión, non dispoñía dun Regulamento que foi un pouco demandado polos propios técnicos da comisión, sobre todo a ponencia técnica, no sentido de que ao non ter un regulamento escrito, non estaba determinada nin a composición, nin a forma de votación, nin quen es tiñan voto ou non.

De tal forma que se decidiu redactar un proxecto de Regulamento co obxecto de establecer as normas de réxime xurídico e de funcionamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico, conforme ao que viña de feito sucedendo.

O marco legal deste Regulamento é o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, a Lei de Patrimonio Cultural, a Lei 30 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, e o propio Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Regulamento recolle unicamente o que xa está a funcionar, consta de catorce artigos repartidos en tres títulos (natureza e funcións, composición e réxime de sesións).

Indica que corresponde ao pleno a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais e por esta razón ven a esta sesión plenaria.

O proxecto de regulamento ten o informe do asesoría xurídica e secretaría xeral do pleno, de 17 de febreiro, e foi aprobado en Xunta de Goberno Local o 19 de febreiro. Tamén foi visto pola Comisión de urbanismo, coa abstención dos grupos da oposición.

A continuación, toma a palabra o **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG.**

Cuestiona en primeiro lugar, a oportunidade de traelo para a súa aprobación inicial, porque a comisión viña funcionando sen maiores problemas, sen sobresaltos dende fai varios mandatos. Explica que se trae xusto cando esta a piques de finalizar o actual mandato, e polo tanto, vai ser de aplicación exclusivamente a partir do vindeiro. Tamén indica que entende a proposta como unha maneira de pretender condicionar o funcionamento futuro da comisión, o cal o entende innecesario. Mesmo, dí a Sra. concelleira, se podería cualificar de improcedente, tendo en conta as circunstancias.

Engade que segundo se prevé no articulado, o proxecto debe ser sometido a información pública durante un mes. Polo que a súa aprobación definitiva producirase a pouco máis dun mes de finais do mandato. Dí que despois de case catro anos de mandato popular con maioría absoluta, estase a facer unha normativa para que sexa aplicada pola seguinte corporación, por se quedase algunha dúbida a este respecto. Explica tamén que un dos aspectos que suscitou controversia no seu momento, o procedemento de nomeamento de técnicos asesores, o artigo 4.3 do Regulamento aprázase ata a constitución do novo pleno municipal.

Polo tanto cuestiona en primeiro lugar a oportunidade, e en segundo lugar, o procedemento.

Sinala que o PP dende a oposición neste concello demandou e conseguiu que as novas normativas municipais xeradas polo goberno, foran obxecto de análise e debate coa oposición, cara á consecución dun consenso sobre as mesmas antes da súa tramitación ordinaria, e así se fixo, por exemplo en ordenanzas como a de convivencia, aínda que non se puidera chegar a un consenso total. Pero dí que neste caso e diante do regulamento dun órgano consultivo, en absoluto se requiren as achegas previas da oposición. O tempo dira se se toman en consideración as formuladas a partir de agora, ou se utilizan o sistema dos seus predecesores que desestimaban mesmo a súa toma en consideración.

Dí que o que espera é que antes da súa publicación, procedan a corrixir erros materiais, mecanográficos que se chamaban antes, que afean o texto, por exemplo no artigo 5 nos apartados f) e g).

Indica que o artigo 9.3 que di que os membros da comisión estarán obrigados a manter reserva absoluta con respecto ao contido das deliberacións e intervencións efectuadas, parece ter unha redacción pouco actualizada na medida na que pode chocar coa Lei de Transparencia, máxime cando se van redactar actas nas que constarán apreciacións dos membros da Comisión.

Tamén vé excesivamente estricto o apartado 8.2 establecendo dúas reunións por mes, a primeira e a terceira semana do mes. Xa non poderá acordarse como ata agora suspender unha reunión ou cambiala de data sen saltarse o regulamento, cando mantendo a periodicidade actual, con outra redacción do artigo, pequenos cambios serían posibles.

Considera confusa a composición da comisión. Os apartados 3.1, 3.7 e 9.5, falan de técnicos municipais na comisión. Por iso pregunta cantos técnicos forman parte dela, cantos membros, de cantos membros consta a comisión. Isto non é irrelevante porque condiciona a determinación do quórum.

Por outra banda considera obvio que o Alcalde pode facer tantas consultas considere necesarias, pero non entende porque teñen que asistir os consultados á reunión da subcomisión técnica ou da comisión asesora, segundo o caso.

Indica que se buscará o consenso na comisión asesora, pero non se di nada a respecto da toma de acordos da subcomisión técnica. Chámalle especialmente a atención que os membros da subcomisión técnica poidan non ser membros da comisión asesora.

Dí que antes da chegada do Partido Popular ao goberno municipal o pretendido consenso nas decisións da comisión asesora viña precedido polas propostas de nomeamento dos membros técnicos, por parte dos grupos políticos que formaban parte da corporación, propostas consensuadas sobre as que o pleno decidía. O PP substituíu esa fórmula pola de reservarse a exclusividade de propoñer. Agora a Universidade, o colexio de arquitectos ou a dirección xeral de patrimonio son os que fan as propostas, o concello resérvase dous nomeamentos ou tres, se se inclúe a proposta do Consorcio. Non sabe se é a fórmula máis acaída, pero tal e como está recollido no regulamento considera preciso coñecer a especialidade dos membros o cal é unha complicación evitable.

Para rematar dí que, non están en contra de que haxa un Regulamento, pero entende que non é o momento de aprobalo, e opina que o regulamento ten que servir para clarificar, para simplificar, para axudar, mellorar e non é o caso. Por iso dí que o BNG non votará a favor.

Deseguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**. Dí que hai dúas cuestións que lle sorprenden. A primeira que a Comisión non se poda rexer polo Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, concretamente, no que fai referencia ao título VIII comisións informativas de estudo, informe ou proposta.

Dí que non está suficientemente xustificada esta consideración de ter que aprobar un regulamento específico para a comisión.

A segunda é que non estea consensuado previamente o texto que se trae hoxe ao pleno para a súa aprobación inicial. Clarexa que non é que sorprenda a falta de consenso, por parte da maioría absoluta do Partido Popular ao longo deste mandato, pero sí, concretamente, no que fai referencia a esta comisión.

Fai a seguir varias consideracións relativas ao texto que se presenta ao pleno para a súa aprobación inicial.

Explica que o primeiro que lle sorprende é o artigo 2, punto 1, nas letras c) e d) que recolle que vai ser competencia da Comisión as obras de todo tipo nos edificios catalogados de nivel 1, nivel 2, e nivel 3. Neste sentido di que descoñece a xustificación pola que se exclúen as obras que afecten a edificios de nivel 4 e 5, que eles entenden que deberían estar incorporadas. Do mesmo xeito sorpréndelle ese artigo 2, cando di “que os asuntos que, de acordo co previsto no artigo 8 do PE, deban contar coa autorización do organismo competente da Xunta de Galicia, salvo delegación expresa, non se someterán ao ditame desta Comisión.”.

Eles entenden que sí é interesante para o bo funcionamento da comisión, e dos intereses da corporación, que polo menos estea informada a Comisión tamén destes casos.

Por outra banda, non entende porque desaparece a posibilidade de que os diferentes grupos políticos con representación no pleno, poidan facer propostas de asesores técnicos como membros da comisión.

Non entende porque desaparecen competencias que existirían de estar regulamentada a comisión, por parte do Regulamento do Pleno. Por exemplo un cuarto dos vogais, poderían solicitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria ou mesmo incorporar un punto na orde do día. O que fai este regulamento é reforzar claramente os poderes da presidencia, limitando os dereitos dos vogais. Por todas estas consideracións, o voto do grupo municipal do PSdeG-PSOE, vai ser contrario a esta proposta.

Para responder, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Empeza a súa resposta dicindo que lle sorprende que dende o ano 97 non houbera regulamento. Entende que a Comisión, polo tipo de comisión que é, ten que ter un regulamento polo que rexerse. Opina que o de que “sempre se fixo así”, non é válido. Este tema tratouse na comisión, o martes, e non houbo polémica. En calquera caso, indica que é unha aprobación inicial, agora ven un prazo de alegacións, polo que, o Regulamento está aberto a melloras durante este prazo de alegacións.

Rematada a quenda de intervencións, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 do grupo popular Votos en contra: 9 do grupo municipal do PSdeG-PSOE Abstencións: 3 do grupo municipal do BNG
--

De conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente, correspondente á súa reunión do pasado 23 de febreiro de 2015, e consonte co informe transcrito, o pleno da corporación, por 13 votos ao favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, 9 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, acorda:

a) Aprobar inicialmente o Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela.

b) Someter o proxecto a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolveranse estas, incorporándose ao texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao pleno, de conformidade co disposto polos artigos 123.1.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previo ditame da Comisión informativa.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, do Regulamento co texto íntegro do mesmo, debe publicarse no taboleiro de editos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón artigo 70.2 da Lei 7/85.

O texto do Regulamento que ven de aprobarse inicialmente é o que a seguir se transcribe:

REGULAMENTO DA COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1), publicado no BOP nº 236 do 14/10/1997, establece que, para os efectos de garantir a axeitada tutela sobre o patrimonio, o Concello de Santiago de Compostela constituirá a Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

O Concello de Santiago de Compostela acordou a constitución da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, a súa composición e o ámbito de competencias, consonte co previsto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia e o devandito Plan especial.

Os artigos 22 a 26 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común regulan o funcionamento dos órganos colexiados e, de xeito máis concreto, o artigo 22.2, determina que estes órganos colexiados poderán establecer ou completar as súas normas de funcionamento.

Este regulamento ten por obxecto establecer as normas do réxime xurídico e de funcionamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela consonte o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento Administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local.

TITULO I. NATUREZA E FUNCÍONS

ARTIGO 1. NATUREZA

1. O Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro do previsto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia e no art. 27 do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica creou a Comisión Asesora de Patrimonio Histórico como órgano consultivo.

2. A devandita Comisión asesorará o Concello no relativo aos aspectos artísticos, históricos e arquitectónicos que deben ser considerados para os efectos da protección do conxunto histórico e dos elementos que o compoñen.

3. A Comisión Asesora de Patrimonio Histórico é un órgano colexiado de carácter consultivo, de coordinación, deliberación e proposta sobre asuntos e materias do patrimonio histórico.

ARTIGO 2. FUNCIÓN

1. A función da Comisión é a emisión de informes, a solicitude dos departamentos competentes para tramitar os expedientes obxecto das súas competencias, que incidan no ámbito do Plan Especial ou por delegación.

2. Dentro do ámbito do Plan Especial (en adiante PE-1), con carácter xeral, o seu informe previo será preceptivo nas seguintes actuacións:

a) Proxectos de obras de nova edificación.

b) Proxectos de obras nos edificios existentes, que consistan en: obras de ampliación; obras de adecuación de fachadas e elementos exteriores en edificios catalogados; obras de todo tipo nos edificios catalogados de nivel 1 e de nivel 2; obras de reestruturación en edificios de nivel 3; obras de calquera tipo que afecten

directamente ás condicións materiais de conservación e valoración dos elementos catalogados.

c) Proxectos de urbanización ou de obras ordinarias nos espazos públicos catalogados.

d) Sinalización e mobiliario urbano.

e) Ocupación de vía e/ou espazos públicos con mobiliario urbano xa sexa temporal ou permanente (terrazas).

3. Por delegación, a Comisión exercerá as competencias nos asuntos e materias en que a Consellería con competencias en materia de patrimonio histórico delegue no Concello de Santiago de Compostela, nos termos da delegación, ou naqueles que sexan expresamente atribuídos polo Pleno do Concello de Santiago.

4. De acordo cos principios de eficacia e coordinación administrativa, os expedientes que deban de ser sometidos a informe ou autorización por parte da Consellería competente en materia de patrimonio histórico ou por calquera dos seus órganos delegados (comisións provinciais, comités asesores etc.), non serán sometidos ao ditame ou informe da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, particularmente:

a) Os asuntos que, de acordo co previsto no artigo 8 do PE 1, deban contar coa autorización do organismo competente da Xunta de Galicia, salvo delegación expresa, non se someterán ao ditame desta Comisión.

b) Os asuntos que, de acordo co previsto no artigo 30 da Lei 3/1996 de protección dos Camiños de Santiago, deban ser examinados polo Comité Asesor dos Camiños de Santiago, salvo delegación expresa, non se someterán ao ditame desta Comisión.

5. Porén o Concello de Santiago de Compostela poderá solicitar informes ou ditames das administracións con competencias en patrimonio así como dos seus órganos asesores para a tutela do patrimonio da cidade histórica.

TITULO II.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO

ARTIGO 3. COMPOSICIÓN

A Comisión Asesora do Patrimonio Histórico estará composta por:

a) A presidencia

- b) Os vogais
- c) A secretaria

ARTIGO 4. A PRESIDENCIA

1. A presidencia corresponderalle ao alcalde de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue.

2. Serán competencias da presidencia:

- a) Exercer a representación da Comisión
- b) Acordar a convocatoria das sesións.
- c) Fixar a orde do día.
- d) Visar as certificacións dos acordos ou ditames.
- e) Presidir as sesións, dirixir e moderar os debates.
- f) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- g) Exercer cantas outras atribucións sexan inherentes á súa condición de presidente de acordo con este regulamento e coas normas aplicación xeral aos órganos colexiados.

3. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal, exercerá a presidencia a persoa que aquel designe.

4. O/a presidente poderá someter á consideración da Comisión calquera asunto que, en estar incluído nos relatados no artigo 2, teña relevancia ou relación coas materias incluídas nas competencias da Comisión.

5. O/a presidente poderá designar, no número que considere axeitado, e cando a especialidade ou importancia do asunto así o requira, asesores técnicos que participarán subcomisión técnica a que fai referencia o artigo 11.

ARTIGO 5. OS/AS VOGAIS

1. Os/as vogais da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico serán nomeados polo Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, a proposta do Alcalde.

2. Terán a consideración de vogais da Comisión:

a) 6 representantes dos grupos políticos que conforman a Corporación Municipal en proporción ao número de concelleiros/as que lles correspondan.

b) Un/unha representante do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

c) Un/unha representante do departamento da Xunta de Galicia que ostente a competencia sobre o patrimonio cultural.

d) Un/unha representante da Universidade de Santiago de Compostela con rango de historiador

e) Un/unha representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con rango de arquitecto.

f) Un/unha funcionario/a municipal con competencias nas materias obxecto de ditame.

g) Un/unha profesional de recoñecido prestixio en asuntos relacionados coas competencias da comisión, que non teña a condición de traballador municipal.

2. Todos os membros da Comisión terán designado un/una suplente, que será igualmente nomeado/a polo Pleno a proposta do mesmo órgano ou entidade que propón ao titular. En caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, por causa xustificada, os membros titulares da Comisión serán substituídos/as, en cada caso, polos/as suplentes designados/as.

3. Son funcións dos vogais:

a) Analizar a documentación dos asuntos que se van a tratar en cada sesión

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito de voto e de formular votos particulares, así como de expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifiquen.

d) Propoñer iniciativas, formular suxestións ou remitir información sobre cuestións obxecto da competencia da Comisión.

e) Exercer cantas outras atribucións lles correspondan de acordo con este regulamento e coas normas de aplicación xeral aos órganos colexiados.

f) Formular rogos e preguntas.

ARTIGO 7. A SECRETARÍA

1. Exercerá as funcións de secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a municipal do departamento competente en materia de urbanismo.

2. Son funcións do/a secretario/a:

- a) Realizar a convocatoria das sesións da Comisión por orde do seu presidente, así como as citacións aos seus membros.
- b) Redactar a orde do día das reunións seguindo as instrucións do seu presidente.
- c) Redactar as actas das sesións e custodialas.
- d) Expedir as certificacións ou ditames dos acordos adoptados.
- e) Outras funcións que lle sexan encomendadas polo presidente e sexan inherentes á condición de secretario.

3. O/a Secretario/a asistirá ás sesións da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico con voz pero sen voto.

TITULO III. RÉXIME DE SESIÓNS

ARTIGO 8. CONVOCATORIA DAS REUNIÓNS

- 1. A Comisión funcionará en réxime de sesión ordinaria ou extraordinaria.
- 2. As sesións ordinarias terán lugar dúas veces ao mes, a primeira e a terceira semana de cada mes.
- 3. As sesións extraordinarias serán convocadas expresamente con tal carácter polo presidente cando o considere conveniente por razóns de urxencia, polo volume de asuntos ou pola transcendencia dos temas que se vaian tratar.
- 4. A convocatoria efectuarase cunha antelación mínima de 48 horas e acompañarase da orde do día, da copia da acta da sesión anterior e dos informes dos asuntos que se van tratar na orde do día.
- 5. A comunicación aos membros da Comisión realizarase por correo electrónico ao enderezo que estes faciliten ao secretario.
- 6. A documentación sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros da Comisión con 48 horas de antelación á celebración da sesión.

ARTIGO 9. REUNIÓN

- 1. Para a válida constitución da Comisión será necesaria a presenza do presidente e do secretario, ou de quen os substitúa, e, como mínimo, da metade dos vogais. En caso de non alcanzarse o quórum anterior, a Comisión disporá dunha segunda convocatoria, que deberá iniciarse transcorridos 30 minutos dende a citación da primeira

convocatoria requirindo a presenza do presidente e do secretario, ou de quen os substitúa, e, como mínimo, de tres vogais.

2. O presidente abrirá as reunións, que non serán públicas e que se desenvolverán no lugar sinalado na convocatoria, de acordo coa orde do día establecida. Así mesmo dirixirá as deliberacións, concedendo e retirando o uso da palabra, velará polo correcto desenvolvemento das sesións e acordará o inicio, finalización ou suspensión temporal destas.

3. Os membros da Comisión estarán obrigados a manter a reserva absoluta con respecto ao contido das deliberacións e intervencións efectuadas polos membros do órgano dentro das súas sesións.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto non incluído na orde do día, salvo que sexa declarada a urxencia co voto favorable da maioría simple dos presentes.

5. As sesións disporán como mínimo dun relator, que será técnico municipal dependente da concellaría con competencias en materia de urbanismo, que exporá á Comisión cantos asuntos sexan sometidos á súa consideración explicando os informes técnicos e achegando tanta documentación técnica e normativa conste nos expedientes correspondentes.

6. O presidente poderá solicitar a asistencia ás sesións daquelas persoas que, non sendo parte da Comisión, pola especificidade dos asuntos que se tratan ou por calquera outra circunstancia debidamente motivada, considere oportuno. As persoas así designadas poderán participar con voz pero sen voto.

ARTIGO 10. RÉXIME DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. O réxime de funcionamento e adopción de acordos será o previsto con carácter xeral para os órganos colexiados nas normas reguladoras do procedemento administrativo, coas especialidades previstas neste regulamento.

2. Nas sesións da Comisión Asesora promoverase a toma de decisións por consenso. Se este non puidera darse, as decisións serán adoptadas por maioría simple. En caso de empate, o voto do presidente da Comisión será dirimente.

3. Os membros discrepantes dos acordos da maioría poderán formular voto particular por escrito nun prazo de 48 horas. Os votos particulares así presentados incorporaranse á acta da reunión.

4. Cando algún membro da Comisión considere que respecto de algún punto da orde do día incorre en causa de abstención, deberá de poñelo en coñecemento do presidente e absterse de participar na deliberación e voto do dito asunto, sendo de plena aplicación neste punto o establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ARTIGO 11. SUBCOMISIÓN TÉCNICA

1. Crearase unha subcomisión técnica de apoio á Comisión de Asesoramento formada polos 6 técnicos vogais da comisión

2. Son competencias da Subcomisión Técnica:

a) Redacción do relatorio, de acordo coas disposicións da lexislación de patrimonio histórico e cos plans específicos de protección, se os houbese, sobre os expedientes que vaian a tratarse na sesión da Comisión.

b) Expoñer nas sesións da Comisión o contido do relatorio e calquera circunstancia que conorra en cada un dos expedientes.

c) Elevar os informes á resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico, en casos de urxencia, oportunidade ou mero trámite e trasladar as resolucións á Secretaría da Comisión para que esta as notifique aos interesados.

d) Solicitar aos interesados a documentación complementaria, técnica ou administrativa, que se considere conveniente para a comprensión dos expedientes, antes de sometelos a consideración da Comisión.

e) Asesorar ao resto dos membros da Comisión en calquera materia sobre a que a súa formación académica os habilite.

ARTIGO 12. DITAMES DA COMISIÓN

1. Os ditames emitidos pola Comisión, atendendo aos informes da Subcomisión Técnica, poderán ser, tendo en conta o resultado das votacións:

a) Favorables.

b) Favorables condicionados á presentación de documentación complementaria.

c) Desfavorables.

2. Os ditames deberán de ser asinados polo presidente da Comisión, na data de celebración da sesión, e enviados aos departamentos ou servizos do Concello encargados da tramitación dos expedientes sometidos á consideración da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico para proseguiren os tramites correspondentes.

ARTIGO 13. ACTAS

1. O/a secretario/a da Comisión redactará unha acta de cada sesión. Nela constarán os asistentes, a orde do día e, de xeito sucinto, o pronunciamento sobre cada asunto. A acta recollerá igualmente de modo expreso o cumprimento dos requisitos para a válida constitución e adopción de acordos.

2. Na acta figurará, por solicitude dos membros da Comisión, o seu voto contrario, a súa abstención e os motivos que os xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta sempre que no acto ou no prazo de 48 horas achegue o texto que se corresponda fielmente con ela, que se fará constar así na acta e cuxa copia se unirá a esta.

3. A aprobación da acta da sesión incluírase como primeiro punto da orde do día na seguinte sesión que se celebre.

4. Os acordos e ditames serán válidos e inmediatamente executivos aínda que a acta non se aprobe ata a seguinte sesión.

ARTIGO 14. DOS ROGOS E PREGUNTAS

1. A convocatoria das sesións incluírá unha quenda de rogos e preguntas.

2. Os rogos e preguntas formulados por calquera dos membros da Comisión deberán gardar coherencia e estarán estreitamente relacionados coas funcións e competencias da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.- RÉXIME ECONÓMICO

1. Os membros da Comisión, que teñan a condición de persoal ao servizo das administracións públicas ou organismos delas dependentes, e os concelleiros que

conten con dedicación exclusiva non percibirán retribución polo exercicio das súas funcións.

2. Os demais membros poderán percibir as axudas de custo e indemnizacións que lles correspondan de acordo coa normativa vixente.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.- SUPLETORIEDADE DA LEXISLACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA

En todos aqueles aspectos non previstos Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia ou neste regulamento o funcionamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico axustarase á normativa legal establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS NORMATIVAS

As referencias ás normas legais vixentes entenderanse automaticamente substituídas por aquelas que as derroguen e substitúan.

TERCEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

8. ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á ASOCIACIÓN RED INNPULSO (RED DE CIUDADES DE LA CIENCIA Y LA INNOVACIÓN).

O informe-proposta que emitiu o Director da área do DUS en relación co asunto do epígrafe, que achega a conformidade da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, de data 12 de febreiro de 2015, é do teor literal que segue:

“LA RED INNPULSO, Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación se crea por acuerdo del Consejo de Ministros de 8 de octubre de 2010.

OBJETO DE LA RED INNPULSO

El objeto de la RED INNPULSO es reconocer e impulsar las actuaciones que en materia de Ciencia e Innovación realizan las Administraciones Locales, propiciar la colaboración entre los Ayuntamientos de la Red, mejorar su potencial innovador y servir de modelo a otros Ayuntamientos para contribuir al cambio del modelo productivo hacia un modelo sostenible, económico y social, basado en el conocimiento y la innovación.

Los Estatutos que se someten a aprobación de este establece las normas mínimas de organización y funcionamiento de la RED INNPULSO, que regulan su constitución, funcionamiento y operatividad para la consecución de los fines que tiene asignados.

La concesión de la distinción de la “Ciudad de la Ciencia y la Innovación” y por tanto la pertenencia a la Asociación Pleno tendrá los siguientes beneficios:

- a) Autorización para el uso de la distinción en la comunicación y promoción de la Ciudad.
- b) Fomento e impulso de proyectos colaborativos entre los municipios que se integren en la Red.
- c) Promoción internacional de las Ciudades de la Ciencia y la Innovación en eventos internacionales relacionados con I+D+i.
- d) Consideración preferente de estas ciudades para la ubicación de instalaciones científicas y tecnológicas de titularidad o participación estatal y priorización de estas ciudades como lugares preferentes, congresos y seminarios de los organismos públicos de investigación.

NORMAS DE FUNCIONAMIENTO

De conformidad con lo establecido en el Acuerdo de Consejo de Ministros en su punto quinto “El Ministerio de Ciencia e Innovación impulsará el desarrollo de la “Red de Ciudades de la Ciencia e Innovación” y por ello, en su virtud, se propuso al pleno de la RED INNPULSO y así se aprobó en su reunión de 3 de abril de 2013 el “Protocolo por el que se establecen las normas de funcionamiento de la RED INNPULSO” (se adjunta al presente expediente).

De acuerdo con los Estatutos de la RED INNPULSO, son fines y actividades de esta entidad los siguientes:

1. FINES

La ARINN tiene como finalidad dotar de personalidad jurídica a la red y, en consecuencia:

1. Servir para los municipios asociados de centro receptor y distribuidor de información relativa a la I+D+i en todas sus facetas, tanto a nivel local, de comunidad autónoma o estatal como internacional, centrándose esta labor principalmente en el conocimiento de las dotaciones, recursos y proyectos existentes en cada momento y que sean susceptibles de ser llevados a cabo por la Administración o los ayuntamientos que la componen.
2. Posibilitar entre los miembros de la red el intercambio de experiencias, metodologías de innovación o soluciones tecnológicas a las tareas que deben desempeñar las administraciones locales.
3. Servir de plataforma representativa de los municipios asociados ante otras Administraciones Públicas y Organismos internacionales.
4. Servir de foro técnico y de asesoría para el desarrollo de proyectos de interés en desarrollo de la estrategia española de ciencia, tecnología e innovación.
5. Impulsar la compra pública innovadora tanto con fondos propios, como nacionales e internacionales impulsando especialmente la participación de las PYMES radicadas en algunas de las ciudades de la red.
6. Identificar y contribuir a remover los obstáculos que genere la función normativa y de control de las administraciones locales para el mejor desarrollo de la actividad económica de las empresas y los ciudadanos, especialmente la vinculada a nuevas tecnologías o a procesos de innovación social.
7. Administrar los bienes o derechos que se adscriban a la asociación.

2. ACTIVIDADES

Para la consecución de los anteriores fines se llevarán a cabo, entre otras, las siguientes actividades:

1. Promocionar la RED INNPULSO, mediante la presencia activa en foros estatales e internacionales y la difusión de las actividades de innovación que realicen los municipios de la Red.

2. Impulsar la adopción por todos los ayuntamientos de la Red del compromiso de dedicar al menos el 3% de las inversiones del ayuntamiento a compra pública innovadora.

3. Organizar, coordinar y realizar actividades socioculturales, tales como seminarios, conferencias, jornadas, congresos, investigaciones y estudios relativos a la I+D+i vinculada al ámbito local, así como editar, en su caso, todo tipo de material en soporte de cualquier naturaleza, didáctico o meramente divulgativo.

4. Favorecer la participación de los ayuntamientos de la Red en proyectos de la UE.

5. Promover la contratación conjunta que permite la ley de contratos del sector público, especialmente en materia de compra pública innovadora.

Vistos los estatutos de la ASOCIACIÓN RED INNPULSO – Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación se propone al Pleno Municipal la adopción del siguiente acuerdo:

1º. Aprobar la solicitud del Concello de Santiago para adherirse a la Asociación RED INNPULSO-Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación.

2º. Designar como representante do Concello a la Concelleira Delegada de Desarrollo Urbano Sostenible, o persona en quien delegue.

3º. Aprobar los Estatutos de la Asociación RED INNPULSO – Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación.”

O informe da Asesoría xurídica - Secretaría xeral do pleno sobre dita proposta ten o seguinte contido:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría, sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal , art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de

EXPOÑER:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Expediente para a aprobación dos Estatutos da “ASOCIACIÓN REDE INNPULSO-Red de Ciudades de la Ciencia”.

-Proposta do Sr. Director de Área de D.U.S do seguinte tenor literal:

1º) Aprobar la solicitud del Concello de Santiago para adherirse a la ASOCIACIÓN RED INNPULSO-Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación.

2º) Designar como representante del Concello a la CONSELLEIRA DELEGADA DE DESARROLLO URBANO SOSTIBLE o persona en quien delegue.

3º) Aprobar los Estatutos de la ASOCIACIÓN RED INNPULSO-Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación”.

II

LEXISLACION APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia.
- Os artigos 22.2.b), 47.2.g), 57 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local.
- Os artigos 37 a 40 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- O artigo 6.5 e a Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Os artigos 12 e seguintes da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

E competencia do **Pleno da Corporación** a adopción dos acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, (**art. 123.1.f da Lei 7/85**), acordo que de conformidade co **artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, esixe a maioría absoluta do número legal do seus membros.

Analizado o expediente o mesmo axustase á lexislación vixente, **INFORMÁNDOSE FAVORABLEMENTE** a proposta de acordo sometida a consideración do presente.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

Ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**.

Sostén que o obxecto da rede INNPULSO é recoñecer e impulsar as actuacións que en materia de Ciencia e Innovación realizan as Administracións Locais, propiciando a colaboración entre os Concellos da Rede, mellorando o seu potencial innovador e servindo de modelo a outros Concellos para contribuir ao cambio do modelo produtivo cara un modelo máis sostible, económico e social, baseado no coñecemento e a innovación.

Explica que os Estatutos que se someten á aprobación deste pleno establecen as normas mínimas de organización e funcionamento da RED INNPULSO, que regulan a súa constitución, funcionamento e operatividade para a consecución dos fins que ten asignados.

A concesión da distinción da “Ciudad de la Ciencia y la Innovación” y polo tanto a pertenza á Asociación ten os seguintes beneficios:

- Autorización para o uso da distinción na comunicación e promoción da Cidade.
- Fomento e impulso de proxectos colaborativos entre municipios que integran a Rede.
- A promoción internacional das Cidades da Ciencia e a Innovación en eventos internacionais relacionados con investigación desenvolvemento e innovación.

-Unha consideración preferente destas cidades para a ubicación de instalacións científicas e tecnolóxicas de titularidade ou participación estatal e priorizar estas cidades como lugares preferentes, para congresos, seminarios dos organismos públicos de investigación.

O Concello de Santiago obtivo recentemente este galardón, e polo tanto, pode adherirse á REDE INNPULSO sempre que asuma ou se adhira a estes estatutos.

A proposta que traen ao pleno é adherirse aos estatutos da Rede Innpulso. O expediente foi visto pola Comisión de Urbanismo coa abstención dos grupos da oposición.

A seguir dá lectura á parte dispositiva da proposta.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Empeza dicindo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vai votar favorablemente a este punto, porque lles parece correcto nun dobre sentido:

Por unha banda, porque a incorporación a esta rede non supón un custo para este concello, en termos económicos.

En segundo lugar, porque pode posibilitar acceder a novas vías de financiamento nas que a pertenza a esta rede sexa unha ventaxa.

Tampouco atopan nada nos estatutos que aconselle o contrario. Remata dicindo que o voto do Bloque Nacionalista Galego será favorable a esta incorporación.

Deseguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Afirma que o que estan a tratar agora é un exemplo máis dos moitos bandazos que o goberno do Partido Popular ten dado ao longo deste mandato, que xa está a piques de rematar.

Lembra que cando comezaba o mandato, nun pleno se deu de baixa á cidade de diferentes asociacións e redes de cidades, como foi a rede cidades saúdables, e agora ao final do mandato, propoñen a incorporación da cidade a diferentes asociacións como pode ser a REDE INNPULSO.

Remata dicindo que isto é unha mostra máis da falta de criterio que todo este mandato tivo a maioría absoluta do Partido Popular.

Aínda así o PSdeG-PSOE, considera e entende que todo o que colabore á promoción, relación e proxección da cidade, mesmo a través de rede de cidades, é positivo e polo tanto dí que votarán favorablemente a esta proposta.

Rematada a quenda de intervencións, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade dos tres grupos municipais.

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

De conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente, correspondente á súa reunión do pasado día 23 de febreiro de 2015, e consonte cos informes anteriormente referidos, o pleno da corporación, por unanimidade acorda:

- a) Aprobar a solicitude do Concello de Santiago de Compostela para adherirse á Asociación Red Innpulso-Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación.
- b) Designar como representante do concello á concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, ou persoa en quen delegue.
- c) Aprobar os estatutos da Asociación Red Innpulso-Red de Ciudades de la Ciencia y la Innovación.

9. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE 25 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2015.

O informe proposta que emitiu a Directora da área de facenda e orzamentos que leva o conforme do Interventor xeral e do concelleiro delegado da área de facenda é do teor literal que segue:

“REF: 6/2015

1.- Consideracións.-

O artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o orzamento así mesmo, incluíra as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Neste senso, aprobado o orzamento xeral para o exercicio 2015 (acordo do Concello-Pleno en sesión extraordinaria celebrada en data 5 de xaneiro de 2015) e tras a súa entrada en vigor, considerando a redacción do artigo 25 das BEO relativa ao “Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións” e cara a clarexar de xeito mais eficaz a xestión dos expedientes, desde a Oficina Orzamentaria PROPÓNSE a inclusión dun apartado 3 coa seguinte redacción:

“3. Cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases do gasto, a competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor responsable do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.”

2.- Pronunciamento da parte dispositiva PROPOSTA:

Á vista do sinalado, fórmase a adopción da seguinte proposta de resolución:

Modificar as Bases de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015, concretamente o seu artigo 25, incorporando un apartado 3. coa seguinte redacción:

<<3. Cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases do gasto, a competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor responsable do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.>>

Deste xeito, o artigo 25 das bases quedaría redactado como segue:

“Artigo 25. Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións.

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

1.1 Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de:

- a) Obrigacións derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores.
- b) O recoñecemento das obrigas sen contrato vixente, cando este fora necesario, como é o caso dos contratos que excedan os límites dos contratos menores, e deba atenderse ao pago polo principio do enriquecemento inxusto, independentemente do cumprimento ou non do principio anual do devengo.
- c) En xeral, as obrigas que foran obxecto de informe de reparo, aínda que a prestación fora realizado no ano corrente.

Non entanto, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, as seguintes obrigacións procedentes de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal da Entidade.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e xornais.
- d) Gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.

Con carácter previo ó recoñecemento das obrigas, deberá acreditarse a existencia de crédito abondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos Orzamentos.

1.2. O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento inicial, requirirá informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consecución da aplicación orzamentaria.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento inicial requirirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ao acordo sobre recoñecemento da obrigaón.

As modificacións de créditos orzamentarios para habilitar a aplicación adecuada e suficiente para a imputación do gasto deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.

1.3. A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde á Xunta de Goberno Local sempre que exista crédito, de cuxos acordos darase conta á Comisión Informativa de Facenda.

A competencia para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos será do Pleno no caso de que non existira crédito o tratárase dun gasto da súa competencia.

1.4. O expediente para o recoñecemento da obrigaón nos casos 1.1.b) e c) anteriores deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa subscrita polo Técnico responsable do Servizo e conformada polo concelleiro responsable do programa orzamentario correspondente (de non constar a conformidade decidirá a Xunta de Goberno Local), sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.
- Garantías que procedan ou dispensa motivada das mesmas. Xustificación de que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e adecuados ao mercado ou se conteñen en cadros de prezos aprobados. Xustificación de que non existe impedimento ou limitación algunha á imputación do gasto ao Orzamento do exercicio corrente, en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación durante todo o ano en curso. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente no devandito Orzamento, deberá tramitarse a modificación de crédito necesaria.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformado polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.

c) Documento contable de RC.

d) Informe da Intervención Xeral.

2. Expedientes nos que omitiuse a fiscalización previa.

Nos supostos nos que, con arranxo ao establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e houbécese omitido, a Intervención, do mesmo xeito que no apartado anterior, emitirá un informe, que non terá a natureza de fiscalización, no que, por unha banda, porá de manifesto a citada omisión e, por outra, formulará a súa opinión respecto da proposta, debendo en todo caso dar traslado do expediente a Intervención para a súa fiscalización..

3. Cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases do gasto, a competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.”

Co fin de iniciar os turnos de intervención, o Sr. Alcalde cédelle a palabra a **Don Ramón Quiroga, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda.**

Comenta que o artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o orzamento incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas e convenientes para a mellor realización dos gastos.

Neste senso, aprobado o orzamento xeral para o exercicio 2015 (acordo do Concello en sesión plenaria extraordinaria celebrada en data 5 de xaneiro de 2015) e trala súa entrada en vigor, considerando a redacción do artigo 25 das bases de execución do orzamento relativa ao “Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións” e cara a clarexar de xeito mais eficaz a xestión dos expedientes, dende a Oficina Orzamentaria propónse a inclusión dun apartado 3 coa seguinte redacción:

“3. Cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases do gasto, a

competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor responsable do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.”

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Comenza a dicir que dende o grupo municipal do BNG queren amosar a súa sorpresa polo feito de que dende o goberno municipal plantexen un novo cambio nas bases de execución do orzamento municipal. Non parece moi lóxico abordar cambios deste tipo a menos de oitenta días do remate do mandato, e a tan pouco tempo da aprobación definitiva do vixente orzamento municipal.

Propoñen incorporar un novo apartado no que diga “cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases de gasto, a competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor responsable do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.”

Relata que o Sr. Quiroga facilitaba fai uns intres un informe conxunto da secretaría e da intervención favorable a esta modificación. Dende o seu punto de vista, esta base con esta nova redacción, podería contradicir á normativa estatal, porque está a dar competencias aos órganos xestores que a lei non lles recoñece. Cómpre ter en conta que as fases do gasto son catro: autorización, disposición, recoñecemento das obrigas e pagamentos.

Cando a proposta de nova redacción da base 25, di que os órganos xestores serán competentes para aprobar os expedientes en casos de reparos de intervención, en todas as fases do gasto, dende o seu punto de vista estase a saltar o establecido no artigo 217.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, que di que esa función está reservada ao Alcalde no caso de disposicións, recoñecementos de obrigas, e ordenación de pagos.

Especifica que, en concreto, a normativa estatal di dúas cousas importantes ao respecto. En primeiro lugar, que cando o órgano ao que afecta o reparo non estea de acordo con este, corresponderalle ao Presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva, e esa facultade non será delegable en ningún caso.

Igualmente, nos termos que está recollida a base, dende o seu punto de vista, podería vulnerar, o punto 2 do artigo 217, que di: “corresponderalle ao pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia”

Se isto é o que pretende a modificación, a xuízo do seu grupo, é contraria ao espírito e á letra da normativa vixente.

Se pretende outra cousa, dí o Sr. concelleiro que é evidente, que a súa redacción é manifestamente mellorable, e non pode ser máis que fonte de interpretacións varias, e por suposto, discrepantes que nada bo agoiran para o normal funcionamento deste concello.

Di que de manter esta redacción , estaríase a laminar as competencias de gasto establecidas na Xunta de Goberno Local e no Pleno, casualmente, nos expedientes máis conflictivos nos que hai reparos e observacións. Por todo iso, grupo do BNG non apoiará a modificación desta base.

Deseguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Primeiro expresa a súa sorpresa, porque no mes de xaneiro se aprobasen definitivamente os orzamentos para o ano 2015, e as bases de execución dos mesmos, e no pleno de febreiro se traía unha modificación das mesmas. Esta modificación que se propón conta co informe favorable da Secretaría do Pleno e Intervención xeral, pero non é menos certo, que non é claro o contido do texto en base ao artigo 217 como se ten comentado.

Polo tanto, remata dicindo que o voto do grupo municipal do PSdeG-PSOE vai ser de abstención á espera dunha aclaración no texto cara á aprobación definitiva desta modificación.

Para responder, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda.**

Clarexa que non é a interpretación que fai o portavoz do BNG, pois iso está regulado no artigo 25, nos apartados 1.3 e 1.4. Do que se trata simplemente é de clarexar o

circuíto dos expedientes da maior parte dos contratos menores. A regulación do artigo 25 segue tal e cual, só que se establece un novo apartado que especialmente afecta aos contratos menores, pois a regulación de quen é o órgano competente no tema dos reparos e observacións segue residenciada na Xunta de Goberno Local como estaba no artigo 25 especialmente no artigo 25.1.3 e 25.1.4.

Rematada a quenda de intervencións, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 do grupo popular Votos en contra: 3 do BNG Abstencións: 9 do grupo do PSdeG-PSOE

De conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente á súa reunión do 23 de febreiro de 2015, o pleno da corporación, por 13 votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, 9 voto en contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, acorda aprobar inicialmente a modificación do artigo 25 das bases de execución do orzamento de 2015, no sentido indicado no informe proposta da Directora da área de facenda e orzamentos transcrito ao inicio.

O presente acordo someterase ao trámite de información pública polo período de 15 días para os efectos de reclamacións. De non habelas entenderase definitivamente adoptado o acordo anta entón provisional.

O texto definitivo do artigo 25 das Bases de execución do orzamento de 2015, que contén a modificación que ven de aprobarse inicialmente é o que a seguir se transcribe:

“Artigo 25. Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións.

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

1.1 Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de:

a) Obrigacións derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores.

b) O recoñecemento das obrigas sen contrato vixente, cando este fora necesario, como é o caso dos contratos que excedan os límites dos contratos menores, e deba atenderse ao pago polo principio do enriquecemento inxusto, independentemente do cumprimento ou non do principio anual do devengo.

c) En xeral, as obrigas que foran obxecto de informe de reparo, aínda que a prestación fora realizado no ano corrente.

Non entanto, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, as seguintes obrigacións procedentes de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal da Entidade.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e xornais.
- d) Gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.

Con carácter previo ó recoñecemento das obrigas, deberá acreditarse a existencia de crédito abondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos Orzamentos.

1.2. O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento inicial, requirirá informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consecuent aplicación orzamentaria.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento inicial requirirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ao acordo sobre recoñecemento da obrigación.

As modificacións de créditos orzamentarios para habilitar a aplicación adecuada e suficiente para a imputación do gasto deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.

1.3. A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde á Xunta de Goberno Local sempre que exista crédito, de cuxos acordos darase conta á Comisión Informativa de Facenda.

A competencia para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos será do Pleno no caso de que non existira crédito o tratárase dun gasto da súa competencia.

1.4. O expediente para o recoñecemento da obrigaón nos casos 1.1.b) e c) anteriores deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa subscrita polo Técnico responsable do Servizo e conformada polo concelleiro responsable do programa orzamentario correspondente (de non constar a conformidade decidirá a Xunta de Goberno Local), sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

- Garantías que procedan ou dispensa motivada das mesmas. Xustificación de que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e adecuados ao mercado ou se conteñen en cadros de prezos aprobados. Xustificación de que non existe impedimento ou limitación algunha á imputación do gasto ao Orzamento do exercicio corrente, en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación durante todo o ano en curso. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente no devandito Orzamento, deberá tramitarse a modificación de crédito necesaria.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformado polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.

c) Documento contable de RC.

d) Informe da Intervención Xeral.

2. Expedientes nos que omitiuse a fiscalización previa.

Nos supostos nos que, con arranxo ao establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e houbécese omitido, a Intervención, do mesmo xeito que no apartado anterior, emitirá un informe, que non terá a natureza de fiscalización, no que, por unha banda, porá de manifesto a citada omisión e, por

outra, formulará a súa opinión respecto da proposta, debendo en todo caso dar traslado do expediente a Intervención para a súa fiscalización.

3. Cando non se trate de recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións, nos supostos de existencia de reparo ou observacións nas diferentes fases do gasto, a competencia para a súa aprobación corresponderá ao órgano xestor responsable do mesmo. Os expedientes con observacións tamén poderán ser aprobados pola Concellería de Facenda.

O Sr. Alcalde-presidente informa ao pleno que en relación **aos puntos 10 e 11** da orde do día vai a proceder a súa retirada como consecuencia da entrada no concello o día 2 de marzo de 2015, dun auto do TSXG do 29 de enero do 2015 que afecta precisamente ao motivo da inclusión destes dous puntos na orde do día.

Este documento que tivo entrada o día 2 de marzo de 2015, admite a trámite de nulidade das actuacións e suspende a execución desta providencia do TSXG. O que sinala dita providencia é que debe suspenderse a execución do Auto de 29 de xaneiro de 2015.

10. DAR CONTA DE SENTENZA NÚM. 390/14 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA E LECTURA DO AUTO DE EXECUCIÓN DA MESMA.

Retirado da orde do día.

11. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA 390/14 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

Retirado da orde do día.

12. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES EN CONSELLOS DE ADMINISTRACIÓN DAS EMPRESAS MUNICIPAIS, COMISIÓNS INFORMATIVAS, ORGANISMOS SUPRAMUNICIPAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, FUNDACIÓNS, SOCIEDADES MERCANTÍS E CONSELLOS SECTORIAIS.

No momento que comeza o estudio do presente punto da orde do día sae do Salón de plenos don José A. Baqueiro Canabal.

De conformidade coa proposta do voceiro do grupo municipal socialista, o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda designar aos seguintes representantes nos Consellos de Administración das empresas municipais; nas

diferentes comisións de informe, estudo e proposta; en organismos supramunicipais; organismos autónomos; fundacións; sociedades mercantís con participación municipal e consellos sectoriais de actuación municipal:

INCOLSA: Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales

TUSSA: Gonzalo Muíños Sánchez

Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas:

Titulares: Francisco Reyes Santiás, Rosario Valledor Puente, José A. Baqueiro Canabal, Marta Álvarez-Santullano

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Comisión informativa de urbanismo, infraestructuras, vivenda e medio ambiente:

Titulares: Francisco Reyes Santiás, Bernardino Rama Seoane, Gonzalo Muíños Sánchez, María Gómez Bugallo

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Comisión da área social, cultura e servizos:

Titulares: Mar Martín García, Gonzalo Muíños Sánchez, Francisco Reyes Santiás, José A. Baqueiro Canabal

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Comisión especial de suxestións e reclamacións:

Titulares: Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales e José A. Baqueiro Canabal

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Comisión de dirección do plan estratéxico:

Titulares: Francisco Reyes Santiás e Marta Álvarez-Santullano

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Comisión asesora do casco histórico:

Titulares: Gonzalo Muíños Sánchez e Álvaro González Álvarez

Suplentes: Todos os demais concelleiros

Consello asesor de condecoracións:

Titular: Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales

Suplente: Todos os demais concelleiros

MERCAGALICIA:

José A. Baqueiro Canabal

Fundación Refuxio de Animais:

María Gómez Bugallo

AUDITORIO:

Gonzalo Muíños Sánchez

XADE:

Bernardino Rama Seoane

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Dase conta das seguintes resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas.

Do 23 ao 30 de decembro de 2014 (núms. 8621 ao 8747).

Do 2 ao 30 de xaneiro de 2015 (núms. 1 ao 659).

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG:

ROGO:

1. Rexistro de entrada do día 16 de febreiro de 2015, núm. 34, para garantir os servizos dun/unha intérprete ás persoas xordas e xordocegas.

PREGUNTAS:

1. Rexistro de entrada do día 29 de xaneiro de 2015, núm. 23, para a súa resposta por escrito, relativa á reposición dun poste de alumado no lugar de Carballal.

2. Rexistro de entrada do día 3 de febreiro de 2015, núm. 26, para a súa resposta por escrito, relativa a colaboración do Concello no evento da Confederación de Empresarios de Galicia “100 consejos para el 2015, encuentro para directivos líderes”.

3. Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2015, núm. 32, para a súa resposta por escrito, relativa á liña de alta tensión no lugar de Coira.

4. Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2015, núm. 33, para a súa resposta por escrito, relativa á intervención paisaxística na aba do monte Gaiás.
5. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2015, núm. 35, para a súa resposta por escrito, en relación ao recoñecemento ao escultor Francisco Asorey.
6. Rexistro de entrada do día 23 de febreiro de 2015, núm. 41, para a súa resposta por escrito, en relación á tala de árbores na Alameda.
7. Rexistro de entrada do día 23 de febreiro de 2015, núm. 43, para a súa resposta por escrito, en relación ao proxecto de execución de iluminación pública en Figueiras.
8. Rexistro de entrada do día 23 de febreiro de 2015, núm. 45, para a súa resposta por escrito, en relación ás instalacións Manuel Paz do Castiñeiriño.
9. Rexistro de entrada do día 24 de febreiro de 2015, núm. 46, para a súa resposta por escrito, en relación ao Banquete de Conxo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE:

ROGOS:

1. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2015, núm. 38, para que se busque unha solución para que a Asociación de persoas xordas de Santiago poida dispor dun local propio.
2. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2015, núm. 39, para que se arranxe con carácter urgente a calefacción do centro sociocultural de Santa Marta.
3. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2015, núm. 40, para que se proceda a dotar de luz pública ao SUNP-31.

PREGUNTAS:

1. Rexistro de entrada do día 4 de febreiro de 2015, núm. 28, para a súa resposta por escrito, relativa á contía abonada a traballadores municipais no ano 2014 en concepto de horas extras.

2. Rexistro de entrada do día 5 de febreiro de 2015, núm. 29, para a súa resposta por escrito, relativa á se hai no concello algún contrato asinado con Dona Montserrat Noya Eiras.

3. Rexistro de entrada do día 6 de febreiro de 2015, núm. 30, para a súa resposta por escrito, relativa ao contrato da execución das obras de “mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre”.

4. Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2015, núm. 31, en relación ao concepto da factura AC DOS SANTIAGO SL.

O **Sr. Alcalde-presidente**, de acordo coa orde de chegada ao Rexistro de entrada, dá paso ao primeiro rogo, presentado polo BNG, ao respecto de garantir os servizos dun/unha intérprete ás persoas xordas e xordocegas.

Plantexa o rogo o **Sr. Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG**.

Tras saudar aos membros da asociación de persoas xordas de Santiago que estan presentes no Pleno comenza dicir que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego trae este rogo ao pleno para que o goberno local busque unha solución implicando a diferentes administracións, se fose preciso, para que as persoas xordas e xordocegas de Compostela, poidan dispor de profesionais de interpretación de lingua de signos e guía de persoas xordocegas, cando sexa preciso o seu servizo para realizar xestións básicas, como ir ao médico, ao banco, ou ás administracións entre moitas outras.

Explica como ese traballo o está a desenvolver ata o día de hoxe a asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela, unha entidade sen ánimo de lucro fundada na cidade no ano 1977. Esta entidade atende a persoas xordas, xordocegas de toda a comarca. Loitan día a día por conseguir a igualdade de condicións e por eliminar barreiras de comunicación aínda existentes para elas. Existen recursos humanos que favorecen a eliminación de barreiras, e a asociación entende como o máis importante deles a figura dun profesional da interpretación da lingua de signos e a guía de persoas xordocegas.

Tamén dí que actualmente esta asociación ten un convenio co Concello de Teo, e outro co de Santiago que lles permite ter unha intérprete de lingua de signos contratada pero só a media xornada, o que implica, que moitos servizos solicitados polas persoas usuarias teñan que ser anulados.

Por ese motivo, o Bloque Nacionalista Galego, reclama buscar unha solución para que este colectivo poida dispor dunha persoa intérprete a tempo completo, como acontece noutras cidades galegas para contribuír a desenvolver as súas xestións cotiás.

Apunta que esta mesma proposta o seu grupo xa a plantexou en forma dunha alegación ás bases de execución no orzamento de 2014, precisamente para aumentar a subvención nominativa concedida á asociación de persoas xordas de Santiago, na contía suficiente para garantir a transformación dese contrato a media xornada, en xornada completa. Espera que este rogo teña mellor sorte que dita alegación, que foi rexeitada pola maioría absoluta do Partido Popular.

Entende que é unha reivindicación xusta e razoable, e que cun mínimo esforzo económico por parte do concello se podería mellorar substancialmente a calidade de vida de moitos/as veciños/as xordos/as e xordocegas de Santiago de Compostela e da súa comarca.

A continuación, ten a palabra o **Sra. Martín García, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Indica que o seu rogo vai un pouco pola mesma liña que o plantexado polo BNG, pero un pouco mais ampliado. Refírese a unha reunión que houbo coa asociación de persoas xordas, que demandaban esta urxencia á hora de poder aumentar a contratación das persoas intérpretes de signos, xa que coa cantidade da subvención que suma o Concello de Santiago e Teo non dá para un contrato a tempo completo.

A isto úneselle, ademais, a baixada das subvencións por parte da Xunta para este mesmo fin. Eles suman unha demanda a maiores que é a necesidade dun espazo para que poidan desenvolver as actividades e actos que normalmente veñen desenvolvendo.

Dende que se lles desaloxou da antiga escola de xordos de Monte Pío, estiveron en diferentes locais cedidos polo concello, pero eles aspiran a ter o que tiñan antes: unha escola máis estable, que cos actuais locais non son capaces de desenvolver. No seu momento estívose a buscar algunhas escolas unitarias que estaban sen ocupar.

Ten a palabra a **Sra. Corral López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Servizos Sociais.**

Indica que o Concello de Santiago mantén unha liña de colaboración coa Asociación de persoas xordas de Santiago moi estreita.

É certo que nos últimos anos e na mesma liña, máis ou menos, ven tendo unha subvención nominativa para servizos de intérprete. Refírese a que tamén disfrutan dos seguintes recursos municipais:

Teñen dous despachos que ocupan exclusivamente de xeito gratuíto na Casa das Asociacións de Benestar Social. Teñen ademais un arquivo-almacén, e unha aula onde fan actividades de linguaxe de signos todas as mañás de luns a xoves. Por outra banda, nestes momentos están empregando o local de protección civil de San Marcos, para facer as súas actividades.

En relación con isto cree que se mantén unha colaboración estreita ademais de participar e colaborar economicamente en case a totalidade das actividades que desenvolven na cidade.

Polo tanto, dí que vai acoller as propostas e a suxestión do Bloque Nacionalista Galego de involucrar a outras administracións. Dí que a dispoñibilidade doutros locais tamén se estudara como lle dixo ao vicepresidente da asociación co que estivo a semana pasada.

O Sr. alcalde-presidente, dá paso ao segundo rogo, presentado polo grupo socialista PSdeG-PSOE, para que se arranxe de forma urxente a calefacción do centro sociocultural de Santa Marta.

Plantexa o rogo o **Sr. Muíños Sánchez, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Relata que os usuarios e usuarias do centro sociocultural Santa Marta, veñen padecendo a ausencia de calefacción en distintas aulas do centro dende fai varios meses. Non sabe se é un problema da caldeira, ou é un problema doutra índole.

Dí que o caso urxe unha solución xa, aínda que sexa transitoria, mentres non se arranxe o problema da caldeira, porque teñen constancia de que son moitos os usuarios e usuarias que enfermaron por mor do frío durante estes meses de inverno, e incluso deixaron de asistir a distintas actividades no centro.

Por todo iso, piden que se arranxe con carácter urxente a calefacción do centro. Sen ir máis lonxe indica que onte mesmo no centro deixou de funcionar a calefacción en todas as dependencias.

De seguido está no uso da palabra a **Sra. Antón Vilásanchez, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área da Cultura e Patrimonio.**

Recoñece que é certo que houbo eses problemas no centro sociocultural de Santa Marta, pero tamén dí que dende finais de xaneiro xa está a funcionar perfectamente. O que aconteceu onte foi unha baixada do limitador, pero que xa está arranxado a día de hoxe.

O Sr. alcalde-presidente, dá paso ao seguinte rogo, para que o goberno municipal proceda a dotar de luz pública ao SUNP-31, presentado polo grupo municipal socialista.

Toma a palabra o **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Comenta fai tres semanas aprobou o goberno municipal requirir da fianza para que estes veciños poidan ter luz e dí que a día de hoxe aínda están sen ela. Propón comprobalo para ver que dende fai tres semanas que se aprobou en Xunta de Goberno, aínda non teñen luz no viario.

Explica como este SUNP-31 deu moitas voltas. A antiga concelleira de urbanismo, Dona María Pardo, alá no 14 de febreiro de 2012, enviaba un requirimento aos membros da Xunta de Compensación, Inmobiliaria Outeiro de Sar, co obxecto de que de non facerse cargo das devanditas obras, a parte das luminarias outras, se lle incautaría a fianza.

Iso saía dende o departamento de urbanismo o 14 de febreiro de 2012, pero o 14 de agosto de 2013, esa mesma concelleira, concédelle parcialmente a licenza para ocupación desas vivendas, só para que puideran chegar ás súas vivendas. Non así noutros temas de urbanización, tanto de limpeza, como de alumeado. Dí que todo iso, que tiña os informes negativos dos servizos do concello, lles foi remitido o 14 de agosto de 2013.

Indica que ao grupo socialista lle gustaría que nestas cousas se fose moito máis áxil, pois no 2012 dise que vai incautarse a fianza, e o 14 de agosto de 2013 dáselle licenza provisional a esas vivendas sen un montón de servizos. A esa mesma promotora neste pleno e cunha axilidade impresionante o día 24 de xullo de 2014, recalificaronlle o solo. É dicir, para unhas cousas resulta que son non moi áxiles, e para outras demasiado áxiles.

Falando da iluminación, dí que fai dúas semanas nunha rolda de prensa, dando o resumo da Xunta de Goberno do 14 de novembro de 2014, dicía o Sr. Alcalde que dentro duns meses estarían dispostas unhas luminarias en Figueiras, e a día de hoxe e transcorridos uns meses aínda os veciños están a preguntar onde están as luminarias.

Toma a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada da Área de Desenvolvemento Urbano Sostible.**

Contestando dí que se lle incautou o aval. A incautación do aval ten por obxecto a execución das obras que as empresas promotoras non fixeron. En calquera caso, dí que iso non vai permitir de forma inmediata conectar a luz ás instalacións municipais. O que permite o aval é executar as obras, e cando as obras estean en condicións de recibirse e sexan recibidas polo concello é cando formarán parte da instalación municipal e darase o servizo.

Reitera que a incautación dun aval leva a súa tramitación e as garantías xurídicas que ten a incautación dun aval implican que os prazos non sexan de forma inmediata.

En canto a licenza de primeira ocupación, dí que é certo que é algo excepcional. É algo que cree que se valorará no seu momento. A razón fundamentalmente foi o interese das persoas, que perdían as axudas, e co obxecto de non xerarlles un dano maior.

Cree que disto eles eran coñecedores, que ía ter un mantemento por parte dos veciños, e sinala que cando os técnicos do concello informen a favor, é cando se incorporarán ao patrimonio do Concello e polo tanto daranse os servizos correspondentes.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

1.- REXISTRO DE ENTRADA 4 DE FEBREIRO DE 2015, NÚM. 27, RELATIVA Á NECESIDADE DE INCREMENTAR O PERSOAL DE CORREOS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de dotar do persoal necesario o servizo público de Correos na cidade de Santiago de Compostela para evitar o colapso existente na actualidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Correos é o provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería que debe prestar un servizo postal universal, con eficiencia, calidade e sustentabilidade. Polo seu carácter público, convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e coas empresas.

En Santiago de Compostela existe un colapso deste servizo, con picos que alcanzan as 9.000 cartas sen repartir no día, por mor da redución do persoal. En concreto, nos últimos 5 anos elimináronse 15 postos de repartidores e persoal de apoio co que se incrementou a carga de traballo e isto provoca que diariamente queden cartas e paquetes sen distribuír na nosa cidade. O Ensanche, o Polígono do Tambre, San Roque, Vista Alegre e o barrio das Fontiñas son os lugares máis afectados por esta redución de persoal, co prexuízo que causa tanto para as empresas como para a veciñanza destas zonas.

No artigo 24 da Lei Postal 43/2010, de 30 de decembro, especifícase que as entregas se practicarán, cando menos, todos os días laborábeis, de luns a venres, agás no caso de concorrer circunstancias ou condicións xeográficas especiais. Tamén no artigo 21 da directiva comunitaria 2008/6/CE se recolle que o servizo universal garante unha recollida e unha entrega en domicilio de cada persoa física ou xurídica todos os días laborábeis, mesmo nas zonas afastadas ou escasamente poboadas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restabelecer a situación dun servizo postal de calidade no noso concello e garantir o reparto na periodicidade adecuada.
- 2.- Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso concello.
- 3.- Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento galego.

2.- REXISTRO DE ENTRADA 17 DE FEBREIRO DE 2015, NÚM. 36, PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMENINO.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para demandar un Plan de emprego feminino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a *Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres* de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos-labregas, mariscadoras, redeiras,...- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

3.- REXISTRO DE ENTRADA 23 DE FEBREIRO DE 2015, NÚM. 42, EN APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARUÍ HASSANA AALIA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para solicitar apoio para a concesión de asilo político ao activista saharauí Hassana Aalia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, en que se lle comunica a denegación da protección e ao tempo que se anuncia a súa saída obrigatoria do territorio español. O prazo concedido para abandonar o Estado español é – está recorrido- de 15 días, a pesar do castigo que lle espera e o risco real de ser torturado se regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.

Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos, que naceu no Aaiún e solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento no Estado español, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharauí, senón para estudar cunha bolsa que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición se deben a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a

Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e, a teor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida perante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

Mais o Ministerio do Interior denegou a súa petición, a pesar de contar cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura de que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, “os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga”.

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredito a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer ningunha garantía ás persoas procesadas.

A Comisión de Interior do Congreso debateu o pasado día 17 de febreiro unha proposta presentada por diversas forzas políticas pedindo a revisión da solicitude de asilo político . A iniciativa foi rexeitada cos votos do Partido Popular e apoiada por todas as forzas da oposición. A posición do grupo popular contrasta coa manifestada polo mesmo partido en Galiza onde o día 10 foi aprobada unha declaración institucional no Parlamento galego.

Por estes motivos, facendo súa a petición da Delegación Saharauí na Galiza e de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que a Corporación municipal se posicione a favor de concederlle o asilo político ao activista saharauí Hassana Aalia.

2. Remitir este acordo ao Ministerio do Interior.

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE:

1.- REXISTRO DE ENTRADA 24 DE FEBREIRO DE 2015, NÚM. 47, RELATIVA Á RENDA SOCIAL DE SOLIDARIEDADE.

Como expresa a Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu artigo 25: “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

Pero na actualidade son moitas as persoas e familias que, a día de hoxe, dada a coxuntura económica e laboral, están vivindo situacións de necesidade ante a imposibilidade de xerar ingresos económicos.

Esta situación é inxusta e contraria aos principios establecidos nos corpos normativos ao efecto. Principio de igualdade que implica "ausencia de calquera discriminación no acceso á renda garantida de cidadanía". Principio de equidade que se define como a "resposta ás situacións de necesidade e carencia de medios de subsistencia mediante unha formulación redistributivo de recursos e discriminación positiva". Principio de universalidade que implica o "acceso á renda garantida de cidadanía de todos os que reúnan as condicións e requisitos esixidos". Principio de solidariedade que se define como a "expresión da vontade de todos os cidadáns de promover a cohesión social en beneficio daqueles que se atopen en situación desfavorecida". Principio de complementariedade que esixe a "atribución á prestación da función de completar os ingresos que tivesen os destinatarios, cando aqueles non alcancen a contía da renda garantida de cidadanía, no importe que puidese corresponder" e por último o principio de atención individualizada que establece que a "adecuación e correspondencia da prestación coas condicións e necesidades particulares de todos e cada un dos destinatarios".

Dentro dos orzamentos municipais de 2015 inclúese unha partida de 600.000 euros destinada a unha renda social de solidariedade para as familias con todos os seus membros en paro e persoas con pensións non contributivas. Lembramos que o grupo municipal socialista vinculara o seu voto a favor das ordenanzas fiscais á aprobación da devandita renda social.

Porén, non se aprobaron aínda os criterios de distribución desta renda, que permitirá solventar problemas de prestación de emerxencia ás familias que están a sufrir máis os efectos da crise económica. O grupo municipal socialista non ten coñecemento do pagamento, da poboación obxectivo desta renda nin dos criterios para aplicala. Por todo isto,

Por todo iso, propónse ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte

ACORDO

Que o goberno municipal incorpore inmediatamente os criterios para a renda social de solidariedade ás bases de execución do orzamento de 2015.

O Sr. Alcalde-presidente dá paso en primeiro lugar á moción do grupo do BNG referida a incrementar o persoal de Correos de Santiago de Compostela.

Ten a palabra **o Sr. Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Indica que o Bloque Nacionalista Galego ven con esta moción ao pleno municipal pola necesidade existente de dotar do persoal necesario ao servizo público de Correos no noso concello, co obxectivo de evitar o colapso existente na actualidade e sobre todo na sobrecarga laboral existente nunha mermada plantilla.

Demandan un acordo da corporación para instar á Xunta de Galiza que demande ao goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restablecer a situación dun servizo postal de calidade neste concello, e garantir o reparto na periodicidade axeitada.

Así mesmo, demandan a cobertura das vacantes dos cadros de persoal de Correos, para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal.

Dí que hoxe acompañaron a unha representación da CIG en Correos que defende Correos como provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería, que debe prestar un servizo postal universal, con eficiencia, calidade e sustentabilidade.

Remarca que polo seu carácter público Correos convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e tamén coas empresas privadas.

Explica como en Santiago de Compostela existe un colapso deste servizo con picos que alcanzan ata as nove mil cartas sen repartir no día, por mor da redución do persoal. En concreto, nos últimos cinco anos, elimináronse quince postos de repartidores e persoal de apoio, o que provoca que diariamente queden moitas cartas e paquetes sen distribuír na nosa cidade.

O Ensanche, o Polígono do Tambre, San Roque, Vista Alegre, ou o barrio das Fontiñas son os lugares máis afectados por esta redución de persoal, co prexuízo que causa tanto para as empresas, como para a veciñanza destas zonas.

En Santiago de Compostela con esta situación derivada dos recortes impostos polo Partido Popular, estase a incumprir o artigo 24 da Lei Postal 43/2010, de 30 de decembro, onde se especifica que as entregas se practicasen cando menos todos os días laborables de lúns a venres, agás no caso de concorrer circunstancias ou condicións xeográficas especiais. Tamén o artigo 21 da directiva comunitaria 2008/6/CE recolle que o servizo universal garante unha recollida e unha entrega en domicilio de cada persoa física ou xurídica todos os días laborables, mesmo nas zonas afastadas, ou escasamente pobladas.

Deste xeito, remata dicindo que solicita que a Corporación Municipal acepte o debate e aprobación desta moción de cara a analizar como se pode normalizar dunha vez, a situación que está a provocar graves molestias á veciñanza de Santiago e recuperar, un servizo público e as condicións laborables e as condicións de cobertura que existían anteriormente nesta cidade.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente da paso á **votación sobre a toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 do grupo socialista e 3 do BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 13 do grupo popular.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción ao non obter o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Toma a palabra a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP** co obxecto de explicar o voto do Partido Popular.

Entenden que a información que se describe na exposición de motivos e que acaba de mencionar o señor Cela en relación á unidade de reparto de Correos da nosa cidade,

segundo os informes que solicitaron da Asociación Estatal Correos e Telégrafos do Ministerio de Fomento e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que son os responsables da supervisión do funcionamento do mercado postal, é inexacta, e que os datos mencionados na moción non son totalmente correctos.

Dí que a medición da calidade do servizo en 2014 en Santiago de Compostela foi de 97,4% superior á obriga esixida que é dun 93%.

Explica que se falou dun pico de 9000 cartas, como se se tratase da situación diaria da unidade, cando foi un expediente puntual segundo se lles indica, coincidente cunha entrada masiva de correspondencia, e non algo que se dea día a día.

Finalmente pon en coñecemento da corporación que os envíos distribuídos pola unidade de reparto de Santiago teñen descendido un 28% nos derradeiros cinco anos, mentres que os recursos humanos da mesma plantilla descenderon un 16%. É dicir, proporcionalmente a plantilla decreceu bastante menos que a actividade desenvolvida.

Dí que por todo iso, o voto do grupo municipal do PP é a abstención na toma en consideración da urxencia desta moción.

O Sr. Alcalde-presidente dá paso á segunda moción do grupo do BNG referida a demandar un plan de emprego feminino.

Toma a palabra a **Sra.Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG.**

Apunta que o vindeiro 8 de marzo celébrase o día internacional da muller, unha data para a reflexión, sobre a situación da muller e para anovar o compromiso pola igualdade. Unha conmemoración orixinalmente denominada “día da muller traballadora”.

A tradicional desigualdade laboral e salarial das mulleres, e en particular das mulleres galegas, viuse acentuada co aumento da precariedade laboral dende comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que separa mulleres de homes, e que deixa cada vez máis abertas as portas o desemprego, ao emprego precario ou a emigración.

Tamén apunta que diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego, e as lamentables condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe.

Refírese ao elevadísimo número, sobre todo, de mozas que se viron obrigadas a abandonar o noso país, na procura dun futuro mellor.

Estudos e datos como os publicados polo INE, reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos, mesmo superando, a fenda salarial do Estado español; fenda que se sitúa no quinto lugar na listaxe dos países da eurozona con fenda salarial máis elevada.

As mulleres galegas, dí ela, teñen que traballar oitenta días máis que os homes para percibir o mesmo salario, mentres dedican unha media de dúas horas máis que os homes ás tarefas domésticas cada día.

A pesar de escoitar insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a desigualdade salarial e laboral continúa ampliándose.

Os últimos datos do paro, os de febreiro, reflicten unha diminución do paro masculino, mentres aumenta o feminino.

As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo, como de realización de programas concretos. Algunhas das medidas máis necesarias neste momento, incluídas na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

O grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a aceptación da urxencia da moción, polo emprego feminino, que propón a adopción dun acordo para instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un plan de emprego feminino co orzamento necesario para desenvolver ao longo dos próximos catro anos.

Un plan co obxectivo de establecer medidas para diminuír a taxa de desemprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores que esta subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras/es na Galicia. Atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos productivos, labregas, mariscadoras, redeiras, atendendo, especificamente á problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente dá paso á **votación da toma en consideración da urxencia** desta moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 do grupo socialista e 3 do BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 13 do grupo popular

Queda rexeitada, ao no obter o quórum esixido da maioría absoluta do numero legal de membros da corporación.

Para a explicación do voto, toma a palabra a **Sra. Leis Rodríguez, concelleira do grupo municipal do PP e delegada do Área de Economía.**

Explica que se está a traballar na Xunta de Galicia nesa liña dende fai varios anos. Dí que hai ademais, unha situación diferenciada respecto do país, pois Galicia ten catro puntos menos paro feminino respecto de España. A muller xa é un colectivo prioritario en moitas das ordes e das convocatorias que ten abertas e que vai abrir a Xunta de Galicia.

Por lembrar algunhas, refírese aos plans de cooperación, aos axentes locais de emprego, as accións de información e orientación laboral, aos programas experimentais de emprego, aos obradoiros de emprego, e tamén ás ordes nas que se reciben máis fondos por ter contratado mulleres, como poden ser a promoción do emprego autónomo, as axudas a contratación, ou a promoción do cooperativismo, incluso, axudas que se están a facer directamente a colectivos mencionados como poden ser as redeiras, ou a xente traballadora do mar.

Polo tanto, entende que se está a traballar intensivamente nese obxectivo común que é intentar a igualdade salarial. Indica que cos datos do paro da muller non ven necesaria tomar outra medida engadida.

O Sr. Alcalde-presidente dá paso ao seguinte moción do grupo do BNG, sobre ao apoio da concesión de asilo político ao activista saharuí Hassana Aalia.

Toma a palabra o **Sr.Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Explica que o dereito de asilo é un dereito plenamente recoñecido no dereito internacional, na propia convención de Xenebra do ano 51, e que no Estado español está recollido na actual Lei 12/2009, Reguladora do dereito de asilo de protección

subsidiaria. No caso de Hassanna Aalia concorren as condicións necesarias para que a petición de asilo vaia adiante.

O caso de Hassanna remite a un conflito inacabado, o do Sahara Occidental e á ocupación do Sahara por Marrocos, no que o Estado español debería ter un papel diferente ao que adoptou unas últimas décadas, nas que se desentendeu dun pobo, e dun territorio, onde foi potencia colonizadora ata mediados dos anos 70.

Con esta moción, o que pretenden é un posicionamento a favor de concederlle o asilo político, ou instar a que se lle conceda asilo político ao activista saharauí Hassanna Aalia.

Un posicionamento, que xa están adoptando diferentes institucións galegas e do Estado. O propio Parlamento Galego, así o facía fai unhas poucas semanas, de maneira unánime por parte das catro forzas políticas actualmente representadas nesa cámara, entón o que agardan é un pronunciamento similar.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente dá paso á **votación da toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade dos tres grupos políticos. Votos en contra: 0 Abstencións: 0
--

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade dos presentes.

A seguir e co obxecto de debater o seu contido, toma a palabra de novo o **Sr.Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Reitera o posicionamento favorable do Parlamento galego e espera que haxa aquí un posicionamento similar.

Toma a palabra Sr. Sánchez-Brunete Varela, **concelleiro do grupo municipal do PP e delegado do Area de Seguridade e Mobilidade.**

Quere subliñar que non queren que a posición de eles se entenda como unha interferencia no proceso administrativo, ou no proceso xudicial que se siga, senón como expresión dun principio humanitario.

Toma a palabra a **Sra. Martín García, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Dí que eles apoian a moción. Indica que non sabe se se asume o texto íntegro que plantexa o Bloque Nacionalista Galego, pero dí que eles súmanse á propia declaración do Parlamento.

O Sr. Alcalde propón a adhesión do Pleno da corporación á declaración aprobada por unanimidade polo Parlamento galego.

Votos a favor: unanimidade dos tres grupos municipais Votos en contra: 0 Abstencións: 0
--

O pleno da corporación acorda por unanimidade adherirse á Declaración aprobada polo Parlamento galego relativa á concesión de asilo político ao activista saharai Hassanna Aalia.

O Sr. Alcalde-presidente dá paso á seguinte moción do grupo socialista sobre a renda social de solidariedade.

Toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Comenza coa cita da Declaración Universal dos Dereitos Humanos artigo 25: “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

Dí que na actualidade son moitas as persoas e familias que dada a coxuntura económica e laboral, están a vivir situacións de necesidade, ante a imposibilidade de xerar ingresos económicos.

Tamén dí que esta situación é inxusta e contraria aos principios establecidos nos corpos normativos para o efecto, como o principio de igualdade, o principio de equidade, o principio de universalidade, o principio de solidariedade, o principio de complementariedade e o principio de atención individualizada.

Reitera que dentro dos orzamentos municipais de 2015 inclúese unha partida de 600.000 euros destinada a unha renda social de solidariedade para as familias con todos os seus membros en paro e persoas con pensións non contributivas. Recorda que o grupo municipal socialista vinculara o seu voto a favor das ordenanzas fiscais á aprobación da devandita renda social.

Siñala que non se aprobaron aínda os criterios de distribución desta renda, que permitirá solventar problemas de prestación de emerxencia ás familias que están a sufrir máis os efectos da crise. O grupo municipal socialista non ten coñecemento do pagamento por parte do goberno, nin da poboación, nin o obxectivo identificado polo goberno desta renda, nin dos criterios do goberno para aplicala.

Por todo isto, propon que o goberno municipal incorpore inmediatamente os criterios para a renda social de solidariedade ás bases de execución do orzamento de 2015.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente, dá paso á **votación da toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 do grupo socialista e 3 do BNG)
Votos en contra: 13 do grupo popular
Abstencións: 0

Queda rexeitada ao no obter o quórum esixido da maioría absoluta do numero legal de membros da corporación.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as 18:30 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernandez Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle